

TORRES, VARAS E DEMOS.
OS IRMANDIÑOS DA RÍA MUROS-NOIA

Carlos Barros

Reservados todos os dereitos.
Ningunha parte deste libro pode ser reimpresa, reproducida ou utilizada en forma ningunha ou por outros medios, electrónicos, mecánicos ou outros cales foran, agora coñecidos ou inventados no futuro, incluíndo copiado ou fotocopiado, ou por un dos sistemas modernos de almacenamento e recuperación, sen o permiso por escrito da Casa Editorial.

© Toxosoutos, S.L.
© Carlos Barros

Ilustracións: Manuel Mariño Reino

Edita: Toxosoutos, S.L.
Cruceiro do Rego, 2 - Obre - 15217 NOIA
Tíno. 981 82 38 55 / Fax 981 82 16 90
email: editorial@toxosoutos.com

Impreso por Gráficas Sementeira, S.A.
Chan de Maroñas, 2 - Obre - 15217 NOIA
Tíno. 981 82 38 55 / Fax 981 82 16 90
email: graficas@graficasementeira.com

ISBN: 978-84-92792-13-9
Depósito Legal: C 2629-2009

ÍNDICE

Limiar	9
1. Torres e murallas	13
2. Xente belicosa	23
3. Noia e Muros contra Outes	37
4. Pola Santa Irmandade	63
5. Varas, demos e mouros	75
6. Os cobres de 1469	85
7. Despois da revolta	113
8. Apéndice documental	129
9. Bibliografía	185

ÍNDICE DE ILUSTRACIONES

Pedro Lorenzo testemuñando ante o tribunal Tabera-Fonseca, o 15 de marzo de 1527	18
Plano da muralla de Noia no século XVI no que se apreza claramente a praza do Tapal	20
Asalto das tropas portuguesas á vila de Noia, cara 1389	26
Concello aberto en Noia	28
Carnicería popular da rúa do Rei, en Muros, século XV	30
Mapa da ría Muros-Noia, dominada, como na actualidade, por Muros, Outes e Noia	32
Levantamento na vila de Noia	34
O Castelo de Outes segundo a documentación	40
O castelo de Outes visto dende o interior da muralla	42
García Martínez de Barbeira	46
O diaño do Castelo de Outes	50
Rui Vasques, párroco irmandiño nos arredores de Outes	52
O cabaleiro Estevo de Xunqueiras, no segundo asalto de Outes	54
O arcebispo Fonseca no segundo asalto de Outes	56
Duelo entre García Martínez e Estevo de Xunqueira, 1471	58
Sancha de Lobeira	60
Segundo derrocamento do Castelo de Outes, entre 1477 e 1481	62
Primeiro derrocamento do Castelo de Outes, 1467	66
Prendemento de Afonso García, veciño de Noia	68
Henrique IV de Galicia, León e Castela	70
Representante real lendo o permiso para facer irmandades, 1467	72

Alcalde irmandiño coa vara de mando	78
Castelo de Outes reconstruído.....	80
Os Reis Católicos, Fernando e Isabel	82
Rexedores de Noia entregando a carta dos cobres para Fonseca	90
Escudo do arcebispo Rodrigo Luna	92
Escudo dos Fonseca.....	96
Prendemento de Fonseca en Noia, 1465	102
Arcebispo Fonseca	122
Axente arcebispal anunciando o entredito (Noia, 1496)	124
Alborozo dos veciños ao quedar libres de pagar os dezmos á Igrexa de Santiago (Muros, 1517)	126

LIMAR

A orixe deste libro é unha conferencia dada o 21 de marzo de 2007 en Noia, *A revolta irmandiña en Noia, Muros e Outes*, no cadro da V Semana de Historia, organizada polo Concello de Noia¹. A investigación seguiu despois, vistos os primeiros resultados e o seu interese, tanto público como académico, para os veciños da ría Muros-Noia como para o estudo xeral da revolta irmandiña de Galicia, sen dúbida o feito histórico (remoto) máis coñecido polos galegos de hoxe.

O mecenado do concello de Outes e o do seu alcalde, Carlos López Crespo, que desde aquí queremos agradecer, fixo posible unha edición ilustrada polo artista Manuel Mariño con expresionistas debuxos onde se tenta unha aproximación á realidade documental. Especialmente no relativo ó desaparecido castelo de Outes, e os dous derrocamentos sucesivos, nos anos 60 e 70 do século XV, pola acción dos veciños das cidades e aldeas, entre outros feitos que recuperamos e amosan o lugar preponderante, para ben e para mal, que a Serra de Outes xogou a finais da Idade Media, séculos antes de ser concello, na historia da ría Muros-Noia.

Este traballo monográfico acerca dos irmandiños das vilas e zonas de influencia de Noia e Muros, que inclúen os actuais concellos rurais de Outes e Lousame, forma parte dun plan persoal de investigación local da grande revolta da Santa Irmandade do Reino de Galicia (1467-1469), logo de vinte e tres anos de estudos e publicacións de conxunto en base da fonte oral do preito Tabera-Fonseca (1526-1527) e outra documentación do bienio irmandiño. Fixémolo xa cos irmandiños de Pontevedra² e Monforte de Lemos³,

¹ Pódese consultar o audio da conferencia en http://www.h-debate.com/cbarros/spanish/audios/07y10m11_01io

² Carlos BARROS, "Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra", *Murguía. Revista Galega de historia*, Santiago de Compostela, nº 9, 2006, pp. 39-68 (www.h-debate.com/cbarros/spanish/articulos/historia_medieval/pontevedra.htm).

³ Carlos BARROS, "Os irmandiños na Terra de Lemos", *O Condado de Lemos na Idade Media*, Santiago, Xunta de Galicia, 2008, pp. 195-204 (http://www.h-debate.com/cbarros/spanish/articulos/historia_medieval/lemos.htm).

pero é na ría preferida polos arcebispos composteláns onde máis me parei. Por causa da miña relación continuada, a partir do ano 2001, cos concellos da comarca como presidente do xurado do exclusivo Premio de Historia Medieval de Galicia, auspiciado pola Editorial Toxosoutos; pero tamén polo desafío historiográfico que entraña a propia investigación: é posible estudarmos o levantamento irmandiño nunha vila ou comarca sen dispor de fontes emitidas pola irmandade, cos nomes dos seus dirixentes, accións concretas, etc.? De certo, temos para iso o que din nas probanzas Tabera-Fonseca os participaron nas asembleas, derrocamentos e enfrontamentos militares entre 1467 e 1469, ou foron as súas testemuñas oculares e/ou auriculares. O caso é que a coordinación e integración da ría de Muros-Noia con Santiago de Compostela, e o exército do centro, na insurrección de 1467, en liña coa tradición de revolta das vilas compostelás, supón que as testemuñas da ría no preito das fortalezas falen máis do levantamento na Terra de Santiago que da súa propia zona, o que, en compensación, concede ós datos e estados de ánimo aportados desde Noia, Muros e alfoces un carácter máis xeral e significativo.

Inferir uns datos de outros e aproveitar integralmente as fontes explícitas, son procedementos científicos indispensables que van máis alá da simple constatación e interpretación dos nomes, datas e lugares que aparecen nalgúns documentos. De aí que, nesta investigación sobre os feitos revolucionarios de 1467, 1468 e 1469 nun espazo costeiro ben definido, teñamos moi en conta os seus contextos temporal e social, así como a necesidade dunha historia mixta, non parcelada, do acontecemento irmandiño en Noia, Muros e Outes.

No contexto temporal, analizamos as revoltas e conflitos sociais na ría compostelá, antes e despois da acción colectiva irmandiña, para entender mellor esta, dando conta dos rápidos cambios do papel e actitudes dos actores, típicos dos tempos de guerras e revolucións. Doutra banda, situamos a revolta da ría no espazo social que lle corresponde, a xurisdición señorial da Terra de Santiago, onde ó triángulo cidadán de Santiago de Compostela cos portos de Noia e Muros, hai que engadir na distancia a Pontevedra.

Desde o punto de vista metodolóxico, procuramos unha aproximación global que contrapese carencias e fragmentacións de fontes, fenómeno ben frecuente na historia medieval. A tal fin mesturamos enfoques de historia social (*Torres*), historia política ou do poder (*Varas*) e historia das mentalidades (*Demos*), como maneira de obter unha visión

máis harmónica, completa e humana dos *Irmandiños da ría de Muros-Noia*. Porque este libro que non trata, sobra dicilo, dos irmandiños 'na' ría de Muros-Noia, xa o que o que contemporaneamente coñecemos como 'irmandiños', viña sendo a "xente común da Santa Irmandade do Reino de Galicia", segundo lemos nos documentos e testemuños transcritos. Os irmandiños de Noia, Muros e Outes non viñeron polo tanto de fóra: eran labradores, artesáns, pescadores e mariñeiros, clérigos, mercadores e fidalgos de toda a vida en rebeldía total –pero intelixente, conforme veremos– contra os señores das fortalezas por ter máis liberdades e vivir mellor.

Carlos Barros

1

TORRES E MURALLAS

As descrições de Noia nos séculos XVI e XVII falan de crecemento demográfico, “deleitoso puerto”, “fétil pesca”, potentes gremios, comercio en alza e casas fidalgas¹; pero na Baixa Idade Media a situación é ben distinta, segundo lle conta, o 14 de xullo de 1320, ó rei Afonso XI, frei Berenguel, o seu capelán maior, chanceler e arcebispo compostelán: “los de la villa de Noya eran muy pobres et muy astragados por raçon de cavalleros et de otros homes poderosos que lles fazen mal por raçon de que dicha villa non es çercada, et que me pedia... que lles quitasse por algun tiempo de pecho porque se podiesse çercar la dicha villa”². O arcebispo Berenguel de Landoira premia, deste xeito, ós veciños de Noia que o viñan apoiando fronte a rebelión armada do concello de Santiago e cabaleiros do arcebispado. Noia, vila arcebispal dende 1168³, lugar preferente de entrada por mar dos peregrinos a Santiago, convertérase xa en 1319 no refuxio alternativo do prelado compostelán⁴, cando logra fuxir do asedio da catedral. Ó ano seguinte responde positivamente El-Rei á demanda arcebispal da exención do pago de impostos, “que a min ovieren a dar cada anno”, por un período de seis anos, para que “los metan en çercar la dicha villa”⁵. A muralla de Noia estará rematada, salvo que houbese retardo, cara ó ano de 1326⁶.

Da muralla noiesa de Don Berenguel fala no preito Tabera-Fonseca, o 15 de marzo de 1527, Pedro Lorenzo de Sarnón⁷, veciño de Noia, cando é “preguntado si las villas de

1 Xerardo AGRAFOXO, *400 anos na historia da vila de Noia. Dende a Idade Moderna ata a Segunda República*, Noia, 1991, p. 13-19.

2 *Tumbo B de la Catedral de Santiago*, María T. GONZÁLEZ (edit.), Santiago, 2004, p. 157.

3 *idem*, pp. 388-390.

4 “Se trasladó a su villa de Noya para descansar y celebrar el primer concilio que tuvo con sus clérigos”, onde desposeu dos seus “feudos y beneficios” a canto cabaleiro e clérigo estaba da banda de Afonso Suárez de Deza e a cidade de Santiago, *Hechos de Don Berenguel de Landoria*, Manuel C. DÍAZ, José GARCÍA ORO (edits.), Santiago, 1983, pp. 107, 137.

5 *Tumbo B de la Catedral Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 61.

6 Máis información sobre a muralla medieval de Noia en Pedro GARCÍA VIDAL, *A Noia da memoria. Pasado e presente dun casco histórico. evolución urbana*, Noia, 1991, pp. 45-55.

7 Un antecesor co mesmo nome e apelidos, escudeiro, formaba parte da oligarquía local a mediados do século XV, José GARCÍA ORO, *Galicia en los siglos XIV y XV*, tomo II, 1987, p. 276. *de Santiago*, p. 158.

Noia y de Muros tienen fuerças”, respondendo⁸ que “la dicha villa de Noia es çercada de muro de piedra e que tiene una tore dentro de la villa con su çerca alderredor que se dize el Tapal de Noia”⁹, que “es cobierto para se bibir en el e morar el arçobispo”. Aínda que, por veces, servía de prisión, tumba e lugar de execución: na primeira metade do século XIV, Roi Soga Mariño de Lobeira foi “preso y degollado en la villa de Noya” por ser “desobediente al rey”¹⁰; en 1367, morre subitamente no Tapal, o arcebispo Alonso Sánchez de Moscoso¹¹; en 1465, Bernaldo Eans de Moscoso prendeu “ao arcebispo de Santiago don Afonso de Fonseca ena villa de Noya, et o teve preso dous anos, pouquo mais...”¹².

A principios do século XVI, o Tapal cumpría aínda circunstancialmente unha función señorial residencial¹³, vivindo alí de seguido por motivos xurisdiccionais (e económicos¹⁴) o alguacil do arcebispo¹⁵, xa que non un alcaide¹⁶, cuxa existencia non se acredita cando, en

8 *Las fortalezas de la Mitra compostelana y los “irmandiños”*, Ángel RODRÍGUEZ (edit.), Pontevedra, 1984, p. 567.

9 Dicia Manuel Murguía que “hasta hace poco se conservaban las puertas que cerraban la plaza del Tapal y la entrada de la calle del puente...”, Manuel MURGUÍA, *España. Sus monumentos y artes, sus costumbres e historia. Galicia*, Barcelona, 1888, pp. 631-632.

10 Vasco de APONTE, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, Santiago, 1986, pp. 101-102; este II Roi Soga considérase o fundador dos Mariño de Lobeira, foi Pertigueiro Maior da Igrexa de Santiago co arcebispo Berenguel de Landoira (*Hechos de Don Berenguel de Landoria*, p. 155), morre axustizado no segundo tercio do século XIV, sendo substituído no poder local polos Deza Churruchao que fan un novo pazo preto do Tapal de Noia (queda hoxe en pé unha parede cunha ventá gótica), José CRESPO POZO, *Blasones y linajes de Galicia*, tomo III, Bilbao, 1983, pp. 266-267; sobre a morte deste Roi Soga, véxase Manuel MURGUÍA, *op. cit.*, pp. 629-631.

11 Antonio LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Vol. VI [1903], Santiago, 1983, pp. 181-182.

12 Rui VASQUES, *Crónica de Santa María de Iria (Códice gallego del siglo XV)*, Jesús CARRO (edit.), Santiago, 1951, p. 45.

13 “Casa grande de aposiento donde se aposientaban los arçobispos cuando a la dicha villa iban”, disponía de “camaras e sobrados y salas”, dinos outra testemuña, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 78.

14 Nos anos 80 do século XV o Tapal serve de almacén de sal do arçobispado, implicado no comercio portuario, Mercedes VÁZQUEZ, *La hacienda arzobispal compostelana. Los libros de recaudación (1481-83 y 1486-91)*, Santiago, 2002, p. 228.

15 Polo mesmo tempo habitaba na fortaleza de Noia, Juan Frontino, criado e axente xudicial de Fonseca, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 78.

16 As noticias que temos dos alcaides do Tapal, que facían de xuíces de Noia polo arcebispo, son do ano 1450 (Alvaro Afonso) e dos anos 80 (Joan Sánchez), Antonio LÓPEZ FERREIRO, *Rodrigo de Luna. Estudio histórico*, Santiago, 1884, p. 11; *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 293, 313.

1524, Fonseca, arcebispo saínte, entrega o castelo intramuros de Noia a Tabera, arcebispo entrante, coa súa lista de armas¹⁷. Por moito que siga en pé –ata o século XIX¹⁸– a muralla interior que arreda o conxunto arcebispal fortificado do resto da cidade¹⁹, o papel militar do Tapal para o control interior da vila, e aínda para a súa defensa exterior, semella tense desprazado, nos tempos post-irmandiños, cara a torre que Diego de Muros, dono de Noia en alianza co conde de Altamira, ordena edificar –entre 1474 e 1476– na porta de muralla²⁰.

Pero sigamos coas respostas de Pedro Lorenzo de Sarnón: “y que la villa de Muros es una villa de las mejor çercadas que ay en todo el arçobispado de Santiago”²¹. Xa podía dicilo, dita muralla estaba (re)feita recentemente. O arcebispo Fonseca-fillo, que nomeara xustamente a esta testemuña para o preito co arcebispo Tabera, mandara facer unha segunda cerca con boa pedra cara 1520²², en premio tamén polo apoio recibido da vila de Muros²³ en 1511²⁴, cando, ó pouco de ter chegado a Galicia, resulta prendido e desterrado de Compostela pola Audiencia de Galicia, que intercedía así a prol do Conde de Altamira, Rodrigo Osorio de Moscoso, pertigueiro da Terra de Santiago, en loita co arcebispo polo control do arcebispado²⁵.

Dise que a vila de Muros non tiña con anterioridade máis cunha “simple cerca”²⁶ para se protexer, pero documentación recentemente publicada do “Tumbo de la Luminaria de

17 *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo II, p. 223.

18 Véxase a nota 9

19 Santiago ABELLA, *La Villa de Noya : su historia, su topografía, sus monumentos y sus hombres ilustres*, Buenos Aires, 1911, p. 10.

20 Véxase a nota 292.

21 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 567.


22 Ramón ARTAZA, *Muros. Páginas de la historia*, A Coruña, 1950, p. 135; dise que a muralla *altomoderna* de Muros tiña 3-4 metros de grosor e 6-7 metros de altura, Manuel FABIRO, *Muros. Aspectos históricos*, GEG, Vol. 22, p. 57.

23 Non sempre será que as nosas vilas se poñan do lado do seu señor; antes e despois de 1511, Muros e Noia manteñen un conflito case permanente cos arcebispos polas rendas, como veremos ó final deste traballo, o que non quer dicir que non sosteñan outras veces ós señores arcebispos contra terceiros, a casa de Moscoso xeralmente, segundo as circunstancias.

24 *Galicia en los siglos XIV y XV*, II, p. 197.

25 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VI, p. 22.

26 *Galicia en los siglos XIV y XV*, II, pp. 186-187, 194, 197.



Pedro Lorenzo testemuñando ante o tribunal Tabera-Fonseca, o 15 de marzo de 1527.

San Pedro e Santa María de la villa de Muros²⁷ amosa repetidamente, entre 1384 (primeiro ano do Tombo) e 1484, a existencia dunha rexa muralla medieval, chamada “cerca” ou “muro do concello”, que vai resistir o ataque portugués de 1389²⁸, seguida doutra muralla modera coa denominación “muro de la villa” (mencionada así nos anos 1539 e 1662)²⁹, en clara referencia á cerca feita, *circa* 1520, polo novo arcebispo Fonseca de que nos fala a testemuña Pedro Lorenzo, da cal ficou en pé unha torre defensiva da muralla, cun escudo dos Fonseca, chamada “do reloxo” (colocouse en 1815), edificación hoxe desaparecida³⁰.

Da época medieval descubríronse, no século XX, restos da primeira muralla onda igrexa de Santa María do Campo³¹, xunto cunha moeda de Afonso IV, que reinou en Aragón nos anos 1327-1336³², o que permítenos establecer a construción do inicial “muro do concello” de Muros na segunda ou terceira década do século XIV, máis ou menos igual que a súa vila xemela de Noia, ambas se fortifican³³ cando entramos xustamente na virulenta Baixa Idade Media. A Torre de Muros que, xunto co Tapal de Noia, aparece na documentación baixomedieval compostelá³⁴ foi construída, por tanto, despois de entrar Muros en 1299 (131 anos despois de Noia) na órbita arceobispal³⁵, estaba así mesmo si-

27 María de los Ángeles NOVOA, *Las gentes de Muros en sus primeros documentos*, Santiago, 2000.

28 Véxase a referencia da nota 55.

29 *Las gentes de Muros en sus primeros documentos*, pp. 86, 98.

30 *Muros. Páginas de la historia*, pp. 106-108.


31 Santa María do Campo pasa a ser a Colexiata de Santa María en 1504; hoxe é a igrexa parroquial San Pedro de Muros.

32 *Muros. Páginas de la historia*, p. 106.

33 Sobre a existencia de “dúas murallas” apostou con teimosía Manuel FABEIRO, *Muros. Aspectos históricos*, pp. 56-57; *Páxinas históricas de Muros*, Noia, 1997, pp. 66, 161.

34 Aparece de seguido na lista de rendas e xurisdiccións do arcebispo Juan Fernández de Limia (1331-1338) como “Torre de la villa de Muros” entre a Igrexa-fortaleza de Santiago e o castelo de Xallas, Marta GONZÁLEZ VÁZQUEZ, *El arzobispo de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, A Coruña, 1996, Apéndice IV, fol. 5v; nas ordenanzas de 1406 vén citada como “torres de la dicha villa”, que Artaza sitúa no barrio do Carme, onde –escribe en 1950– hai vestixios dun muro, *Muros. Páginas de la historia* pp. 58-59.

35 En 1286, Sancho IV otorga o Fuero de Benavente á Poboia de Muro co fin de que “se pueble mejor el lugar”; en 1299, Fernando IV dona a vila de Muros co seu alfoz á Igrexa de Santiago, *Tombo B de la Catedral de San-*



Plano da muralla de Noia no século XVI no que se apreza claramente a praza do Tapal.

tuada –segundo o preito Tabera-Fonseca– “en la misma cerca”, tiña “dos almenas” e era tamén coñecida como a “torre de los presos”³⁶. Desde esta Torre de Muros os alcaides-xuíces nomeados polos arcebispos composteláns viñan dominando a vila co seu alfoz, fundamental –mentres nos se constrúe o castelo de Outes³⁷– para o control da ría de Muros-Noia, Xallas e Fisterra³⁸.

Dúas características diferencian, así e todo, as orixes medievais das vilas de Muros e Noia: (1) a Poboia de Muro era de El-Rei³⁹ cando Noia pertencía ó arcebispo de Santiago, o que permitiu os reis de León e Castela, ó longo do século XIII⁴⁰, una influencia importante na ría de Muros –mediatizada polos primeiros Mariños⁴¹– que viña sendo a entrada por mar á cidade de Compostela, en disputa así mesmo naquel entón entre a Catedral e

tiago, pp. 247-249, 479-481; Antonio LÓPEZ FERREIRO, *Fueros municipales de Santiago y su tierra* (1895), Madrid, 1975, pp. 527-529; sen embargo, Paio Mariño, descendente directo dos Traba, preitea coa Igrexa polo señorío da vila e alfoz logrando, en 1307, que se lle recoñezan ós Mariño dereitos xurisdiccionais no próximo couto de Louro, e noutros lugares da zona de influencia rural de Muros, aceptando en contrapartida o señorío arcebispal sobre o núcleo urbano e o conxunto do seu alfoz (*Blasones y linajes de Galicia*, p. 266), señorío compostelá que será ratificado en 1309 por Fernando IV, *Tombo B de la Catedral de Santiago*, pp. 319-320; outras liortas baixomedievais por posesións entre os Mariño de Lobeira e a Igrexa de Santiago nas notas 81, 85; versión do paso da vila de Muros á Igrexa de Santiago, a cambio da vila de Tarifa, que “por estar tan a trasmano la dieron los dichos arçobispos a los reyes” en Jerónimo del HOYO, *Memorias del Arzobispado de Santiago* [1607], Ángel RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Benito VARELA, eds., Santiago de Compostela, sd., p. 329.

³⁶ *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 43, 586.

³⁷ Véxase a nota 324.

³⁸ Na primeira metade do século XV seguen citando os documentos a “torre da vila de Muro” entre as Torres de Santiago e o castelo de Xallas, aínda non aparece nas listas da Mitra compostelá o castelo de Outes, *O Tombo Vermello de Don Lope de Mendoza (1399-1445)*, Ángel RODRÍGUEZ (edit.), Santiago, 1995, p. 91.

³⁹ *Galicia en los siglos XIV y XV*, II, pp. 183-185.

⁴⁰ Durante 44 anos (1267-1311) pasaron á xurisdicción real (ademais de Muros), Noia, Santiago e toda a Terra de Santiago, Xerardo AGRAFOXO, “O pasado máis afastado. Un paseo pola historia primeira das terras de Noia”, *Noia. Ribeiras de mar enxoiro*, Noia, 2003, p. 45.

⁴¹ Sancho IV (1284-1295) beneficia especialmente ó citado Paio Mariño (vasalo do Rei en 1291), que tiña de seu o couto de Sabardes (Outes), aparece como usurpador da parroquia de Entíns (tamén no actual concello de Outes) e aspiraba como vimos (nota 35) ó control da vila de Muros, cuxo paso ó señorío eclesiástico, por decisión de Fernando IV (1295-1312), acepta soamente despois de ver recoñecido como propio, entre outras xurisdiccións, o couto de Louro (Muros), *El arzobispo de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, p. 2000; véxase tamén a nota 325.

a Coroa; (2) a grande extensión do alfoz rural de Muros⁴², que ademais das parroquias rurais actualmente no concello de Muros (Abelleira, Esteiro, Sestaio e Torea), abrangúa catro máis que séculos despois constituíron o concello de Outes (Sabardes, Roo, Entíns e Tarás)⁴³, no medio das cales o arcebispo de Santiago terminou por edificar o castelo roqueiro de Outes, que daría lugar moito despois ó municipio.

Hai que dicir que as torres arcebispais de Noia e Muros no foron afectadas polo vendaval irmandiño (a diferenza das torres de Santiago, Pontevedra e Padrón), constando a principios do século XVI, no preito Tabera-Fonseca, como máis o menos activas e habitadas, se acaso con estragos do tempo nos sobrados, corredores ou amenas⁴⁴. Con frecuencia a revolución irmandiña contra as fortalezas fai excepción das torres urbanas (e aínda máis das murallas dos concellos⁴⁵), calquera que fora a súa teórica xurisdicción, posto que constituían as únicas defensas de pedra da Santa Irmandade do Reino de Galicia, demandada e organizada en boa medida por e desde as cidades⁴⁶, cuxa acción estaba orientada máis que nada contra as fortalezas rurais, como o castelo de Outes, innecesaria para a Igrexa de Santiago –confesa 60 anos despois con retranca Pedro Siso, rexedor de Santiago– “teniendo tan cerca las villas de Noia y Muros, y estando en medio de ellas”⁴⁷.

42 O alfoz de Noia, sen embargo, estaba limitado cara o interior pola xurisdicción señorial do mosteiro de Toxosoutos, hoxe concello de Lousame.

43 *El arzobispo de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, p. 112 n. 76.

44 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 54, 293, 582-584, 586.

45 Salvo o caso de Monforte de Lemos, véxase “Os irmandiños na Terra de Lemos”, *O Condado de Lemos na Idade Media*, Xunta de Galicia, 2008 (http://www.h-debate.com/cbarros/spanish/articulos/historia_medieval/lemos.htm); tamén deixaron a salvo as igrexas e catedrais fortalezas, por parecido motivo, mesmo respectando capelas dentro das fortalezas derrocadas, como no caso das Torres do Oeste en Catoira.

46 Sobre o protagonismo coral e o papel de cada grupo ou crase social na revolta irmandiña, véxase Carlos BARROS, “O que sabemos dos irmandiños”, *Os capítulos da Hermandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago, 2006, pp. 375-376 (www.h-debate.com/cbarros/spanish/articulos/historia_medieval/xacobeo.htm).

47 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 331.

2

XENTE BELICOSA

Si algo teñen en común os veciños de Noia e Muros, e os campesiños dos seus alfo-ces (incluídas as parroquias rurais do que será, contemporaneamente, Outes), é unha tradición rebelde –“gente belicosa”, dirá o cardeal Jerónimo del Hoyo⁴⁸– influída pola proximidade –que derivou en irmandade– con Santiago de Compostela, vía de entrada en Galicia, desde ó século XII, dos movementos comunais europeos. Fraternidade interur-bana na Terra de Santiago intensificada pola refeudalización de Galicia, logo da vitoria trastamarista en 1369⁴⁹, que agravou así mesmo as loitas intestinas⁵⁰ entre os grandes e pequenos señores, laicos e eclesiásticos, cabaleiros e arcebispos, polas xurisdicións ru-rais e urbanas da Terra de Santiago, focalizadas a mediados do século XV entre os Fon-seca e os Moscoso. Guerra interseñorial que as cidades arcebispaís utilizaran a súa comenencia apoiando e apoiándose alternativamente nuns ou noutros, segundo a con-xuntura, excepto no histórico ano de 1467 que tiveron oportunidade, e azos, de ir con-tra ámbolos dous bandos nobiliarios, e gañar.

As cidades amuralladas serviron, no derradeiro tercio do século XIV, para frear, na costa occidental da Terra de Santiago, as apetencias da alta nobreza galega e portuguesa.

En 1383, as murallas de Noia⁵¹ resisten o cerco do Conde de Trastámara, Pedro Enrí-quez de Castro, se ben tiveron que pagar un rescate para que lles fora levantado o ase-dio⁵². O ataque foi consecuencia de terse oposto Noia, xunto co cabido catedralicio e outros lugares do arcebispado, ós agravios e novos tributos condais, en “nome” do arce-bispo de Santiago, Juan García Manrique, que emitiu finalmente unha sentenza privando, logo de catro anos de abusos, a Pedro Enríquez de Castro, do cargo de Pertigueiro Maior⁵³

48 Véxase a nota 64.

49 Carlos BARROS, *¡Viva El-Rei! Ensaio medieval*, Vigo, 1996, pp. 24 1-246.

50 As loitas da Igrexa de Compostela cos cabaleiros que tiñan vasalos e rendas na Ría de Muros-Noia empe-zou, en realidade, medio século antes, coa repoboación e ingreso de Muros na xurisdicción arcebispaís, deter-minando a fortificación de ambas vilas nos comezos do século XIV.

51 Hai oito anos, descubríronse seis metros da muralla medieval, demolida no século XX, cunha anchura de 2,3 metros, no malecón de Gasset, entre as rúas Lope de Mendoza e Xan de Estivadas. *La Voz de Galicia* (edi-ción da Barbanza), 8 de agosto e 12 de setembro de 2000.

52 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VI, pp. 218, 222; Apéndice pp. 182-190.

53 O Pertigueiro Maior era unha especie de persoeiro civil do arcebispo con atribucións xudiciais e milita-res ó longo do señorío da Igrexa de Santiago.



Asalto das tropas portuguesas á vila de Noia, cara 1389.

da Igrexa de Santiago que utilizaba, obviamente, no seu propio interese, con moi malos modos. O problema era tamén político: Don Pedro era o maior defensor en Galicia da causa portuguesa, e García Manrique, recentemente incorporado á Mitra de Compostela, o maior defensor en Galicia da causa do rei de Castela⁵⁴.

As murallas de Muros tamén soportarán seis anos despois, dixemos antes, as consecuencias da guerra con Portugal. A xente armada de João I, Mestre de Avis, asalta a vila, cara 1389⁵⁵, segundo foi reflectido nunha fonte popular posterior: “por las guerras et gentes de Portugal que... quemaron la mayor parte del dicho arrabal”⁵⁶. A militancia anti-portuguesa do arcebispo de Santiago trouxo estes problemas ás vilas de Muros e Noia, que desta vez se aliñaron co seu señor, por se mellor defender e tamén porque este arcebispo viña sendo socialmente máis soportable co seu antagonista Pedro Enríquez de Castro. Toma de partido que García Manrique non sabe agradecer cando, en 1390, négase a escusar do cobro de pedidos ós dependentes do cabido (e menos aínda ós seus propios vasalos, deducimos) que defenderon ó arcebispado, e ó rei de Castela, fronte ó Mestre de Avis⁵⁷.

En 1428, o arcebispo Lope de Mendoza favorece así mesmo unha demanda da oligarquía municipal de Noia contra a xente do arrabalde, determinando –entre outros temas– que se faga de alí en diante un “concello pechado”, formado polo xuíz (arcebispal) máis o alcalde, xurados, procurador e homes bos (representantes veciñais), evitando que entrasen a maiores nas reunións “pescadores, carpinteros y otras personas, que decían con malas maneras lo que les placía, é impedían el que se pudiesen tomar los acuerdos necesarios y oportunos”⁵⁸. O feito que de que esta carta-orde tivese que ser confirmada en 1437 e aínda en 1522, indica que o “concello aberto” medieval, asembleario, seguiu sendo práctica habitual⁵⁹, que os cargos do concello sentían por veces como unha ame-

54 Emilio GONZÁLEZ LÓPEZ, *Historia de Galicia*, A Coruña, 1980.p. 180.


55 *Las gentes de Muros en sus primeros documentos*, p. 3; a crónica de Fernão Lopes, sen embargo, soamente fala do cerco de Tui, *Crónica de João I*, vol. II, Barcelos, 1983, pp. 303-305; non así a crónica de Ayala que menciona como os portugueses, despois de tomar Tui e outras vilas fronteirizas, hostilizaron a Terra de Santiago, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VI, p. 233.

56 Véxase a cita da nota 65.

57 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VI, p. 233, apéndice doc. XLI.

58 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, pp. 65-67.

59 *ibidem*.



Concello aberto en Noia.

aza na Baixa Idade Media⁶⁰. Conflictividade urbana entre a oligarquía local e a maioría do común, típica da cidade medieval desenvolvida, que esmorece, ou adopta outras formas, naqueles intres en que os membros da oligarquía urbana optan –as veces pulados desde embaixo– pola confrontación co poder señorial.

En plena revolta irmandiña, o 31 de setembro de 1467, nunha ordenanza da Confraría do Santo Espírito, os vicarios (autoridades) e outros confrades vense na necesidade de esixir ós afiliados que non vaian ás “oras que paguen por cada vez seys branquas”⁶¹. Rebeldía no tempo irmandiño entre os pedreiros, toneleiros e carpinteiros de Noia, que non deixa de sorprendernos dado o probado carácter providencialista da Santa Irmandade, se ben é certo que o “mundo ó revés”, antixerárquico, que supoñían as actividades propias de revolta, prestábase mal para manter calquera disciplina, mesmo no eido sociorrelixioso.

Así como o protagonismo da burguesía, e asimilados urbanos, nos feitos irmandiños, e nos acontecementos posteriores, ten un carácter sobre todo político (como se verá nas sutilezas que arrodean ós cobrados de 1469, ou na posterior adaptación ora ós Fonseca ora ós Moscoso), o protagonismo da xente común é nomeadamente social. As rebeldías previas a grande revolta do pobo miúdo, contra as oligarquías municipais son, en consecuencia, un elemento capital para comprendermos o estalido social, a propia xénese urbana da revolución⁶² e o desprazamento na primavera de 1467 da burguesía cara a posicións históricas de ruptura co poder feudal hexemónico⁶³.

60 A participación popular na vida municipal, deixará de sentirse como unha ameaza na segunda metade do século XVI, nunha situación de maior estabilidade social e política, a asemblea municipal volverá a ser “uso y costumbre”; cara 1560, por exemplo, os veciños de Noia son convocados a “concello aberto” para estudar os problemas da reparación das pontes, José GARCÍA ORO, María José PORTELA SILVA, *Os reis e Noia. Documentos reais sobre Noia durante o Renacemento*, Noia, s. d., pp. 42-43; tamén en 1589, pertencendo a vila de Noia a un particular estranxeiro, Baltasar Lomelin, que llela comprara a Felipe II, respectarase o concello aberto –cando menos no papel– para elixir os cobrados dese ano, Manuel FABIRO, *Páxinas históricas de Noia*, Noia, 1990, p. 118.

61 *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, p. 525.

62 O “cambio de fase” en abril de 1467 da revolta irmandiña é froito da tradición específica de revolta da xente común do campo e das cidades, Carlos BARROS, *Mentalidad justiciera de los irmandiños, siglo XV*, Madrid, 1990 (1ª ed. en galego, Vigo, 1988), pp. 112-113.

63 Seis décadas despois dos irmandiños, desaparecida a cabalería feudal e os seus castelos, o común das cidades galegas representará o seu papel en solitario na revolta das comunidades de 1520-1521.



Carnicería popular da rúa do Rei, en Muros, século XV.

Vexamos outro exemplo de conflitividade urbana, agora na vila de Muros⁶⁴. En 1402, o arcebispo Juan García Manrique, que non quixo premiar ós vasallos da Igrexa pola defensa da vila en 1389, amosa doutra volta a súa identificación coa oligarquía urbana: vistas as destrucións feitas polos portugueses, chega a un acordo co concello para vender a quen máis dea a carnicería, co fin de construíren unha igrexa nova dentro da cerca medieval de Muros. En 1404, varios veciños, en nome do “conxejo menudo”, reclaman contra esa operación económica perante o alcalde maior do Rei no reino de Galicia, dicindo que a carnicería “era propia et comunal, para todo el pueblo, et que aun tenia su nonbre propio de la llamaren carnicaria vieja, la qual fue tirada del dicho lugar por las guerras et gentes de Portugal que... quemaron la mayor parte del dicho arrabal et... algunos carniceros, porque estouiesen mas seguros començaron a poner mesas para vender carne en la calle del Rey... et el dicho lugar era publico [et] comunn”⁶⁵. A sentenza do representante real foi, nesta ocasión, favorable ó arcebispo –amigo do Rei– e ó concello “pechado”, controlado por unha minoría de mercadores e fidalgos, permitindo a privatización a comezos do século XV da(s) carnicería(s) de Muros⁶⁶.


A ría de Muros-Noia madura, interna e externamente, como unidade histórico-xeográfica a fines da Idade Media⁶⁷, intervindo conxuntamente, tódalas clases e estamentos de ámbalas dúas vilas e os seus alfores, coas outras tres cidades da Terra de Santiago: Compostela, Pontevedra e Padrón. O momento sublime é a revolución irmandiña, punto de inflexión do tránsito dunha Galicia medieval, dominada polas fortalezas, á unha Galicia moderna, dominada polas cidades e os pazos rurais. Dous grandes ensaios unifica-

64 A rebeldía conxénita dos veciños do Muros medieval –xeneralizable a toda a ría– é recoñecida, en 1607, polo cóengo compostelán Jerónimo del Hoyo cando fala do paso de Muros (véxase a nota 35) á orbita arcebispal (1299), “aunque entre ellos hay alguna gente noble, el común es pescadores y tratantes por la mar y todos ellos son gente belicosa y que saben muy bien tomar las armas y defenderse de sus enemigos”, *Memorias del Arzobispado de Santiago* p. 329; un exemplo é como se liberaron de pagar os décimos á Igrexa de Santiago, convertendo a Igrexa de Santa María en Colexiata (1504, véxase a nota 31), por mor das xestións en Roma do bispo de Oviedo, Diego de Muros III (1455-1525), *idem*, p. 328.

65 *Las gentes de Muros en sus primeros documentos*, pp. 30-31.

66 *idem*, pp. 32-33.

67 Agora ben, co auxe da actividade portuaria e comercial ó longo do século XVI rexorden as disputas entre Noia, Muros, Porto do Son... *Galicia en los siglos XIV y XV*, II, p. 180.



Mapa da ría Muros-Noia, dominada, como na actualidade, por Muros, Outes e Noia.

dores precederon, na parte central e suroccidental de Galicia, con poucos anos de diferenza, ó levantamento xeral de 1467: a “irmandade dos portos” na rías de Pontevedra e Arousa, cara 1451⁶⁸; e a irmandade de Noia, Muros e Santiago de Compostela en 1458-1459. Ambas irmandades organizáronse, separadas no tempo e no espazo, en milicias armadas cun claro carácter antiseñorial e antifortaleza, especialmente a irmandade das Rías Baixas “la primera que derrocara fortalezas”⁶⁹, aínda que a que nos interesa máis aquí, nove anos antes dos irmandiños *sensu stricto* é a irmandade da Ría de Noia-Muros coa cidade de Santiago.

O 7 de xuño de 1458 o concello de Santiago con poder dunha irmandade anterior nas Rías Altas (A Coruña-Betanzos), recibe ós concellos de Noia e Muros nunha nova irmandade de vilas do arcebispado de Santiago, cuxos Capítulos de Irmandade⁷⁰ especifican como central a súa alianza cos cabaleiros feudatarios da Mitra compostelá (Moscosos, Montaos, Sueiro Gómez de Soutomaior, etc.), que se rebelaran en marzo⁷¹ contra o arcebispo Rodrigo de Luna para non iren á guerra de Granada⁷², ocupando a cidade de San-


68 Carlos BARROS, “Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra”, *Murguía. Revista Galega de historia*, Santiago de Compostela, nº 9, 2006, pp. 41-47 (www.h-debate.com/cbarros_spanish_articulos_historia_medieval_pontevedra.htm).

69 “Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra”, p. 41.

70 Publica Colección Diplomática de “Galicia Histórica”, Santiago, 1901, pp. 19-27.

71 O propio Rodrigo de Luna salienta con clareza o protagonismo urbano, por riba da iniciativa dos cabaleiros, cando o 29 de xaneiro de 1460 gratifica o cambio de bando de Don Sueiro: “Por quanto vos, Suero Gomes de Sotomayor, avedes seydo e fuestes contra nos e la dicha nuestra Yglesia en el levantamiento e rebelion que la nuestra çibdad de Santiago e villas de Noya e Muros fisieron, e les avedes dado e distes vuestro favor e ayuda para ello, e agora, conosciendo la obediencia, subjeçion e vassallaje que deveades e sodes thenudo a nos e a la dicha nuestra Iglesia por rason de los feudos e merçedes que de nos e della teneys, soys tornado a nuestra obediencia e nos avedes prometido...”, Ángel RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, “Documentación medieval del Archivo Histórico Diocesano de Santiago: ‘Libro de feudos de diferentes bienes, feligresías, cotos y jurisdicciones’”, *Compostellanum*, vol. XXXVII, nº 3-4, 1992, p. 436.

72 Rodrigo de Luna. *Estudio histórico*, pp. 30 ss; o cronista Diego Varela deixou escrito que os cabaleiros e os vasalos de Rodrigo de Luna aproveitaron, para rebelarse, a circunstancia de que o Rei mandara ó arcebispo compostelán viaxar á Corte para reprendelo polo seu “desonesto vivir” (practicaba o *ius primae noctis* ou dereito de pernada), *Memorial de diversas hazañas*, Madrid, 1941, pp. 52-53; cuestión analizada por nós en *¡Viva El-Rei! Ensaio medievais*, pp. 58-69.



Levantamento na vila de Noia.

tiago de común acordo co concello. Pontevedra e Padrón mantivéronse, polo momento⁷³, da banda do arcebispo. Entrementres á irmandade Santiago-Noia-Muros participará cos cabaleiros “amigos” no grande cerco da Rocha Forte que vai durar máis dun ano, disparándose 1500 balas de trabuco⁷⁴, ata o pacto de Mazarelos co arcebispo do 3 de setembro de 1459⁷⁵, onde aparecerá como testemuña xustamente un cabaleiro segundón, chamado Pedro Osorio⁷⁶, futuro capitán da irmandade de 1467. Na cal os cidadáns de Santiago, Noia e Muros, terán o éxito⁷⁷ que non tiveron en 1458-1459, ó lograren tomar a Rocha Forte, fortaleza invencible ata 1467, con máis infantaría e consenso popular, pero con menos cabalería, pois os nobres laicos da Terra de Santiago estarán entón entre os seus inimigos, salvo algunha excepción⁷⁸ como Lopo Pérez de Mendoza (ou Moscoso), último señor de Mesía, que dicta o seu testamento –morrendo pouco despois– entre o 22 de setembro e 13 de outubro de 1467, na mesma Compostela, perante os rexedores, cambiadores e cargos da Santa Irmandade, Joan Martínez Vinagre (alcalde) e Alvaro García Chantreiro (deputado)⁷⁹.

73 O 14 de setembro de 1459, Pontevedra aparece xa, xunto coas tres vilas primeiramente irmandadas, participando na rebelión, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, Apéndice p. 120.

74 *Memorial de diversas hazañas*, p. 53.

75 *Rodrigo de Luna. Estudio histórico*, pp. 72-79

76 *ídem*, p. 79

77 Volveremos máis adiante sobre as ensinanzas do ensaio 1458-1459 que fixeron posible, xunto con outras experiencias parciais, a revolta victoriosa de 1467; as cidades e vasallos rebeldes aproveitaron as contradicións arcebispo / cabaleiros para impoñerse desde principios do século XV; volverán a esta política variable e alternativa na Galicia posirmandiña.

78 Ademais, naturalmente, do mozo Lope Sánchez de Moscoso, futuro I Conde de Altamira, que foi capitán irmandiño en Padrón no comezo da revolta de 1467 (véxase a nota 155).

79 Museo de Pontevedra (MP), Sotomayor 1.8.

3


NOIA E MUROS CONTRA OUTES

A “rocha forte” do poder feudal na Ría de Muros-Noia será, no momento de maior disputa polo dominio señorial, a fortaleza de Outes, a “legua y media de Noia y dos leguas de Muros”⁸⁰. De seguro que as experiencias dos habitantes da ría, á beira dos composteláns, nos asaltos á Rocha Forte e outras fortalezas arcebispais, na revolta contra Rodrigo de Luna, valeulles para resolver, en 1467, o seu problema co castelo de Outes, que fora construído probablemente pola Igrexa de Santiago para controlar a ría a mediados do século XV; con anterioridade en todo caso do acceso á Mitra do arcebispo Fonseca⁸¹, logó Patriarca de Alexandría, que pelexará primeiro e pactará despois cos irmandiños de Santiago, Noia e Muros.

Igual que Mesía, e outros concellos de Galicia, o de Outes é un municipio rural que ten a súa orixe remota nunha fortaleza medieval, maila súa xurisdicción señorial. Outes vive unha breve pero intensa historia, nas tres últimas décadas do século XV, que transforma unha vella parroquia rural, San Pedro de Outes, e outras terras limítrofes dependentes do castelo, nun novo poder territorial, escindindo o alfoz de Muros. San Pedro de Outes coroado polo noso castelo foi unha terra medieval que a Igrexa de Santiago disputou ós Mariño de Lobeira, dando lugar a finais do século XVI e principios do século XVII á casa

80 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 566.

81 O castelo de Outes non consta entre as pertencias arcebispais suxeitas ó pago de rendas no tempo de Lope de Mendoza (véxase a referencia da nota 38), polo que puido construírse entre 1445 (fin do arcebispado de Mendoza) e 1464 (comezo de Fonseca); unha segunda posibilidade é que fora edificado, na primeira metade do século XV –ou incluso antes– polos Mariños de Lobeira, desde que o momento en que o pai de Sancha Lobeira, Paio Mariño de Lobeira, Reposteiro Maior de Xoán II, aparece como o primeiro “señor xurisdiccional de Outes”, igual que pasara coa fortaleza de Vimianzo (castelo do século XIII que pasa no século XV ás mans dos Moscoso) que vendeu o II Roi Soga de Lobeira (véxase a nota 83) ó arcebispo de Santiago a mediados do século XIV, *Blasones y linajes de Galicia*. III, pp. 266-268; unha terceira opción é que a Igrexa de Santiago construíse o castelo de Outes na primeira metade do século XV –ou incluso antes– e fose cedido a modo de feudo, como a fortaleza de Xallas (véxase a nota 150), ós Mariño de Lobeira, xa que na pregunta nº 12 que presentan, o 31 de agosto de 1526, os representantes de Fonseca no preito con Tabera dise que “el castillo de Outes con su tierra y basallos que tenia tomados y ocupados Garçia Martiz de Barbeira e doña Sancha de Lobera su muger de muchos años y tienpos antes quel dicho señor Patriarca fuese prelado [1464]”, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 269; construíra Outes o arcebispado ou os Mariño de Lobeira. Dona Sancha disputa a súa propiedade porque herdara do seu pai, Paio Mariño de Lobeira, nos arredores do castelo, parroquias como Chacín e Entíns, onde preside como señor, en 1461, una pescuda ordenada pola Igrexa de Santiago, AHDS, Informaci3n, lib.1.



O Castelo de Outes segundo a documentación.

nobiliaria da Serra de Outes⁸², que reivindicará como veremos as súas orixes medievais precisamente no castelo de Outes. Ulteriormente nace, na época contemporánea, o actual Concello de Outes, que cambiou o nome hai uns anos polo de Concello de Serra de Outes, denominación fidalga que asumiu a capital urbana municipal, escindida a súa vez da parroquia fundacional de San Pedro de Outes. O Pazo da Serra de Outes⁸³ aparece construído, cara 1611, pola rama local dos Mariño de Lobeira⁸⁴, no cadro da evolución xeral da nobreza media e pequena de Galicia, no tránsito da Idade Media á Idade Moderna: das fortalezas ós pazos fidalgos. O específico neste caso é que a instalación, na desembocadura do río Tines, dos Mariño de Lobeira vén logo de fracasar en, como estudiaremos polo miúdo, o control do castelo de Outes, propiedade e xurisdicción da Igrexa de


82 A primeira mención documental que detectamos dos Mariño de Lobeira como “casa de la sierra” é de 1572, logo virán outras sobre o “señor de la casa de la sierra” (1601), e posteriormente citas directas ó pazo da Serra como edificio (1611); no mesmo século XVII, temos referencias os “Marqueses de Castelar y la Sierra”, se ben a principios do século XVIII vólvese á denominación de “señor de la casa de Marino y Lobera”, José GARCÍA ORO, María José PORTELA SILVA, *Os Mariños de Lobeira, señores de Serra de Outes, na Galicia do Renacemento*, Noia, 2004, pp. 157, 162, 183, 184, 187, 189, 217, 218, 220, 236.

83 Actualmente unha casa de pedra, preto do río Tines, cunha porta de medio punto e un escudo barroco cos emblemas dos Mariño, Lobeira, Soutomaior e Zúñiga; por un erro atribúese nalgúns escritos recentes ó moderno Pazo da Serra feitos correspondentes ó castelo de Outes, como o derrocamento por parte dos irmandiños, e, relacionado co anterior, tense identificados o restos do verdadeiro castelo como un castro (véxase a nota 93); no apartado dedicado ó pazo de Serra de Outes na magna obra de Carlos MARTÍNEZ BARBEITO (*Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, A Coruña, 1986, 2ª edición, pp. 616-618) diferénciase claramente o castelo medieval de Outes do pazo moderno da Serra, aínda que –por unha mala lectura de Crespo Pozo– sitúase cara 1385 ó fundador Roi Soga Mariño de Lobeira, que estivo activo no tempo de Berenguel de Landoira (1317-1330) e foi degolado na década seguinte, a quen tamén se atribúe –sen proba documental– a construción do pazo da Serra en 1385.

84 Sobre a ampla implantación na Terra de Santiago dos Mariño, nos séculos XIII-XV, e o seu entronque cos Soga e os Lobeira, véxase *El arzobispo de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*, pp. 198-204; o castelo de Lobeira é recordado como unha plataforma fundamental para os Mariño das Rías Baixas, a partir do II Roi Soga Mariño de Lobeira, “o degolado”: “Desde las alturas de la Pena Lobeira, en las inmediaciones de Villagarcía de Arosa, los Lobeira, más tarde Mariño de Lobeira, adquirieron gran preponderancia en tierras de Noya y Muros, en todo el riquísimo valle del Salnés y en la villa de Pontevedra”, *Blasones y linajes de Galicia*, III, pp. 266-267; sen embargo, logo do enfrontamento de Roi Soga con Afonso XI que o mandou executar entre 1330 e 1350, o castelo de Lobeira foi adquirido pola Igrexa de Santiago, continuando no seu poder entre 1455 e 1524, ata que, en 1694, pasa de novo ós Mariño de Lobeira, *El castrum lupariae. Folleto histórico de la torre de Lobeira en el valle del Salnés*, p. 41.

Santiago en competencia cos Mariño da zona⁸⁵, que deixa de estar habitado a comezos do século XVI, perdéndose posteriormente a memoria social do seu papel histórico, breve pero cardinal, para comprendermos a historia baixomedieval de Outes, Muros e Noia.

Confundido cun castro, en canto a restos, e cun pazo fidalgo da capital municipal, en canto a historia, o castelo de Outes desapareceu modernamente da memoria popular ó tempo que fica, ata finais do século XVIII, na memoria xenealóxica dos Mariño de Lobeira, o que non deixa ser paradoxal e historicamente inxusto, á luz do que sabemos hoxe sobre a súa dobre demolición pola man dos seus vasallos coa axuda da Igrexa de Santiago. En 1795, Antonio Mariño de Lobeira, cabeza da rama pontevedresa (Pazo da Pedreira) desta importante liñaxe da pequena e media nobreza do Sur de Galicia, fai unha información de fidalguía onde aparece una descrición, datada en 1687, "de la casa fuerte de la Sierra de Outes": "Un castillo muy alto, con su foso y contrafoso, y algunas almenas y muchas troneras por todas partes; y sobre una puerta por donde se entra al castillo un escudo con las Armas de Mariños y Loveras, que ya están casi gastadas por el transcurso del tiempo, pero aún se divisa una sirena, dos lobos y una estrella. El castillo está casi arruinado por muchas partes y está inhabitable por estar en la eminencia de un monte, dominando toda aquella tierra... Tiene también dicho castillo un jardín, con una muralla que la más de ella está demolida, y todo ello indica mucha antigüedad y nobleza"⁸⁶. A súa situación nun



O castelo de Outes visto dende o interior da muralla.

⁸⁵ Na fontes xenealóxicas dos Mariño de Lobeira da ría de Muros-Noia aparece Dona Sancha como "dueña del alfoz de Muros y sus once cotos ...del castillo de Outes y de muchas rentas como II señora feudal de la Sierra [sic] de Outes", *idem*, p. 268; esta confusión de posesións e xurisdicións entre os Mariños de Lobeira e a Igrexa compostelá por causa da mestura tipicamente feudal da propiedade entre o grande señor e os seus feudatarios, ou usurpadores, é motivo dunha guerra intestina continua, desde inicios do século XIV e agudizada na segunda metade do século XV, entre o arcebispo de Santiago e os cabaleiros da Terra de Santiago (incluídos os Mariño de Lobeira).

⁸⁶ *Blasones y linajes de Galicia*, III, p. 265; valiosa versión do estado da fortaleza a finais do século XVII que cumpre comparar coa que ofrece o preito Tabera-Fonseca para os anos 1526-1527 (véxase a nota 96), as resultantes das visitas arcebispaís dos anos 1535-1547 [(César OLIVERA, *El ocaso de la fortalezas compostelanas. Visitas y tasaciones (1535-1547)*, Santiago, 2000)], maillos traballos de campo e debuxos feitos por M. X. Miramontes nos anos 80 e X. Mariño nos anos 90 (véxase a nota 93); o interese dos Mariño de Lobeira en 1687 polos restos do castelo de Outes, contrasta co esquecemento dos seus donos reais, a Igrexa de Santiago, que xa en 1607 fixeron desaparecer a Outes do listado de fortalezas arcebispaís, *Memorias del Arzobispado de Santiago*, pp. 9-12; nestas memorias do cardenal Hoyo aparece, en cambio, un Paio Mariño de Lobeira co padronazgo da parroquia de San Pedro de Outes, en cuxa descrición tampouco se mencionan os restos da esquecida fortaleza medieval, *idem*, p. 335.

cumio montañoso e a súa descrición como fortaleza non deixa lugar a dúbidas de que se refire ó castelo de Outes da época irmandiña, non á cativa casa fidalga que se conserva na actual vila da Serra de Outes. Tampouco se corresponde o escudo perdido do castelo de Outes⁸⁷ co que temos nos restos do pazo fidalgo da Serra, que inclúe ademais outros dous apelidos, Soutomaior e Zúñiga, engadidos modernamente á rama local dos Mariño de Lobeira. O escudo da actual Serra conserva polo demais todos os seus relevos⁸⁸, se o comparamos co escudo do século XV do que nos fala a información de fidalguía de 1687, que precisa exhibir a proba física de antigüidade que supón un castelo medieval como solar orixinario dos importantes Mariño de Lobeira, rebautizados cara 1693⁸⁹ como Marqueses da Serra de Outes⁹⁰.

A palabra 'outes' vén do latín clásico 'altis' (alto)⁹¹, igual que "outos"⁹² ou 'outeiro' ('elevación do terreo'), servindo cando menos desde o século XII para nomear a parroquia de San Pedro de Outes, terminando por dar nome, na altura do monte chamado aínda hoxe "Pico Castelo", a unha sonada fortaleza⁹³ do século XV, mesmo anterior. Ó seu pé

87 Podía ser o escudo erosionado polo tempo, coas armas exclusivas dos Mariños e Lobeira, que se conservan o pazo de Cotón (Negreira), pero falta a sirena e vense as ondas dos Mariño, Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña, A Coruña, 1986, p. 234.

88 Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña, pp. 616-617; Xoán MARIÑO, Patrimonio Histórico-Artístico de Outes, vol. I, Santiago, 1998, p. 89.

89 Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña, A Coruña, 1986, p. 232; Luis MESSIA, Heráldica: escudos de armas labrados en piedra existentes en la zona monumental de Pontevedra, Pontevedra, 1989, pp. 160, 415; Crespo Pozo cita outras datas (1690, 1694), pero coincide en considerar como o primeiro Marqués a Fernando Antonio Mariño de Lobeira, "Los Mariños y Mariño de Lobeira", Museo de Pontevedra, tomo 11, 1957, pp. 62, 68.

90 O término 'serra' (Dic. RAG: "sucesión de montañas que pola súa forma recorda unha serra") refírese, sen dúbida, á orixe montaraz, feudal e rural desta parte dos Mariños de Lobeira (véxase a nota 85); a actual capital municipal, chamada Serra de Outes, está paradoxalmente ó nivel do mar rodeada de montes de altura entre 337 (Castelo) e 525 (Tremuzo) metros, Xosé Ramón CHANTADA, "Outes", Gran Enciclopedia Gallega, tomo 23, p. 185.

91 Ata 1247 consta na documentación latina medieval como 'octis' e 'outis', derivando despois a "outes", Os documentos do Tombo de Toxosoutos, Francisco J. PÉREZ RODRÍGUEZ (edit.), Santiago, 2004, p. 109, 121, 185, 220.

92 O Mosteiro de Toxos Outos aparece nos textos fundacionais do século XII como 'Togis Altis', *idem*, p. 22.

93 Fican restos visibles de estruturas, fosos e muros á espera dunha maior investigación arqueolóxica sobre as orixes históricas do concello de Outes, María Xesús MIRAMONTES CASTRO, As fortalezas baixomedievais en Ga-

hai unha aldea chamada "Castelo" e ós restos son coñecidos como a "Torre"⁹⁴, o que demostra que a tradición oral de orixe medieval si que se mantivo localmente ó longo dos séculos. O castelo polo que tanto pelexaron os Mariño de Lobeira e Fonseca está a 3 km. da capital do concello, na carreiteira que vai a Valadares, nun outeiro rochoso de difícil acceso que alcanza a máxima altitude (336 metros) de San Pedro de Outes, desde onde se domina ó fondo da ría, mailo o tránsito por terra dunha banda a outra, de Muros a Noia, e viceversa. Nunha imposible castelanización, ou mala traducción, na documentación tardomedieval o castelo da ría que fai o numero 4 das Rías Baixas aparece ás veces como "Otes"⁹⁵.

A fortaleza de Outes tivo unha torre da homenaxe de dous sobrados, outra redonda de tres sobrados e un "ynçinto alderredor", todo tanto para uso militar como de "aposiento e serbiçio", incluíndo unha cadea e unha corte dos cabalos⁹⁶. Na época do preito Tabera-Fonseca estaba deshabitado: "no hesta para se avitar ni al presente moran en ella"; sendo moi necesaria "e importante para la conserbaçion y defensa de los vasallos del alfoz de Muros y para morar los de las feudatarios y usar la jurisdiccion de la dicha Sancta Iglesia entre ellos", dicíase segundo a vella mentalidade feudal da parte do arcebispo Tabera⁹⁷.

Non dispomos de relatos sobre a demolición do castelo roqueiro de Outes polos irmandiños de Muros, Noia mailos campesiños dos seus respectivos alfoces, aínda que facémosnos unha idea cos datos que vamos aportar sobre o segundo asalto da fortaleza, logo da


licia: unha aproximación histórica a partir do estudio dos restos materiais e das descrições do Preito Tavera-Fonseca, Universidade de Santiago, tesina inédita, pp. 98-105; María Dolores GIL ADRA, Catalogación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos do concello de Outes, texto inédito, nº 12, 1996; Patrimonio Histórico-Artístico de Outes, I, pp. 59-64; a súa errónea caracterización como castro –incluso se unhas necesarias escavacións demostrasen un asentamento castrexo anterior nese mesmo lugar– maila confusión citada co pazo moderno dos Mariño de Lobeira na Serra, contribuíu ó escurecemento das orixes medievais deste concello.

94 As fortalezas baixomedievais en Galicia, p. 99

95 La hacienda arzobispal compostelana. Los libros de recaudación (1481-83 y 1486-91), p. 314; Las fortalezas de la Mitra compostelana, p. 61.

96 Las fortalezas de la Mitra compostelana, pp. 30-31, 581; esta información do preito Tabera-Fonseca (1526-1527) é confirmada polas visitas de 1535-1547 (Cesar OLIVERA, *op. cit.*, pp. 69-70, 87-88, 118), que fala de dous e tres sobrados, dunha "torre grande", tamén denominada "torre del homenaje", e dunha ponte de pedra e madeira, o que vén a confirmar a existencia do íoso que fala a información de fidalguía de 1687.

97 Las fortalezas de la Mitra compostelana, p. 31.



García Martínez de Barbeira

reedificación feita polos Mariño de Lobeira. Despois da Santa Irmandade o lugar e os restos da fortaleza de Outes foron ocupados por García Martínez de Barbeira que refixo o castelo, co fin de facerlle a guerra a Fonseca e recuperar o control da Ría de Muros e Noia, en alianza coa casa dos Moscoso, para quen traballaba García desde que fora “ayo” de Lope Sánchez de Moscoso⁹⁸. Estaba casado con Sancha Mariño de Lobeira, quen preiteará anos despois do segundo derrocamento con Fonseca para ver de amortizar o invertido nos “hedifícios” da fortaleza⁹⁹.

Mentres estes Mariño de Lobeira tentan facerse coa posición preponderante que, nalgúns momentos anteriores, tiveron en Muros e Noia, e ante todo nos seus alfoces, directamente ou como feudatarios da Igrexa de Santiago¹⁰⁰: outra póla pontevedresa comprométese coa causa irmandiña. Lopo Pérez Mariño de Lobeira, irmán de Sancha de Lobeira, vén sendo o capitán dos irmandiños de Pontevedra que, en 1469, pasará á memoria xenealóxica familiar como o “bizarro capitão e defensor estrenno de Pontevedra contra as hostes de Pedro Madruga”¹⁰¹. Lopo, como pasaba con outros cabaleiros irmandiños, era un segundón sen posibles: a súa irmá Sancha ficará como herdeira universal da súa nai Elvira de Valadares¹⁰² e do seu pai, Paio Mariño de Lobeira¹⁰³, nada quedara por “viçioso”¹⁰⁴. O heroe dos irmandiños de Pontevedra, Don Lope Pérez Mariño de Lobeira, non aparece polo regular mencionado nos estudos nobiliarios e históricos sobre os Mariño de Lobeira ou a nobreza de Pontevedra¹⁰⁵.

98 José GARCÍA ORO *La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Las casas nobles y sus relaciones estamentales*, Santiago, 1981, p. 203.

99 *idem*, pp. 269-270, 315, 554, 562, 566, 569.

100 *Galicia en los siglos XIV y XV*, II, pp. 263-277; *Os Mariños de Lobeira, señores de Serra de Outes, na Galicia do Renacemento*, p. 9-18.

101 Cuadro genealógico de los Mariño de Lobera, MP Colección Sampedro, Caja 7; “Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra”, pp. 55 ss.

102 MP Colección Sampedro, Caixa 11, Carta Executoria Mariño de Lobera, fol. 1-2.

103 Paio Mariño de Lobeira, pai de Sancha Mariño e Lopo Pérez Mariño, actuaba seis anos antes da revolta irmandiña como señor na zona de influencia rural do castelo de Outes, véxase a nota 81.

104 Paio Marino de Lobeira tiña “casa de mil y quinientos vasallos, y todos los perdió por ser viçioso de mugeres”, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 103.

105 Véxase, por exemplo, José CRESPO POZO, “Los Mariños y Mariño de Lobeira”, *Museo de Pontevedra*, tomo 11, pp. 59-78; *Blasones y linajes de Galicia*, III, pp. 264 ss; aparecendo Sancha de Lobeira decote como

Doutra banda, o seu cuñado García Martíz de Barbeira, feroz inimigo dos cidadáns e campesiños da ría de Muros-Noia, era o recordado –gracias a Vasco de Aponte– capitán maior de Lope Sánchez de Moscoso¹⁰⁶, quen pasará oportunamente de capitán irmandiño na zona de Padrón en 1467¹⁰⁷ a primeiro Conde de Altamira¹⁰⁸ e grande competidor do arcebispo Fonseca polo control da Terra de Santiago. Don Lope tiña como estratexia ocupar restos de fortalezas derrubadas, fíxoo con Altamira¹⁰⁹ e Rocha Forte¹¹⁰, aínda que o caso de Outes é algo distinto, o seu capitán García esmerouse máis, era o seu proxecto persoal¹¹¹, parte do seu patrimonio como consorte da herdeira dos Mariño e Valadares.

Vexamos como recordan a xente de Noia ó home de Sancha de Lobeira: “García Martínez de Barbeira fiziera de nuevo el castillo de Outes y... tobiera por suio çierto tienpo y por espacio de diez a quinze años¹¹²... lo fiziera para de allí robar y aseñorear las villas de Noia y Muros, porque hera el mayor salteador y robador que avia en el Reino de Galicia y que traia siete o ocho de caballo consigo” (Pedro Campixo, mercador de Noia)¹¹³. Quérese dicir que continuaba viva, sesenta anos despois, a mentalidade popular que in-

filla única; unha excepción relativa (desaparece logo do índice onomástico) é o libro *Heráldica: escudos de armas labrados en piedra existentes en la zona monumental de Pontevedra* que, na páxina 164, nomea a Lopo Pérez Mariño como irmán de Dona Sancha.

106 García servía os Moscoso con 10 lanzas, *ídem*, p. 260; testemuñas do Preito Tabera-Fonseca reducen a 7 ou 8 os escudeiros que levaba dacabalo, véxase a cita da nota 113.

107 Dínolo un zapateiro de Padrón: “fuera capitan don Lope Sánchez, conde que fue de Altamira después que las fortalezas fueran derrocadas”, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 547; o 6 de outubro de 1467 o seu tío Alvaro Pérez de Moscoso, pertigueiro maior da Terra de Santiago, faino herdeiro universal da casa dos Moscoso, deixando por cumpridor a Esteban de Xunqueiras, AHN Diversos Colección Diplomática, fol. 5v.

108 Despois de morto Enrique IV, cara 1475, Lope Sánchez de Moscoso autoproclamouse Conde de Altamira; Sancho Sánchez de Ulloa, Conde de Monterrei; e Pedro Álvarez de Soutomaior, Vizconde de Tui, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 190.

109 *ídem*, p. 180.

110 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 560.

111 Desde Outes chegou García Martínez de Barbeira a usurpar unha grande parte dos vasallos que vivían non alfoz de Muros, respectando soamente ós que pertencían ó seu amo, o Conde de Altamira (véxase a nota 324).

112 Outra testemuña fala, se cadra máis axustadamente, de “siete u ocho años”, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 60.

113 *ídem*, p. 554.

culpaba ós señores das fortalezas de malfeitores, agora reverdecida contra o Conde de Altamira e os seus cabaleiros –o principal dos cales era o maior “salteador” do reino, convenientemente emparentado cos Mariño de Lobeira– que tentaban reconstruír algúns dos castelos da Igrexa de Santiago, que o arcebispo Fonseca pactara cos irmandiños deixar como estaban, no chan.

A referencia hiperbólica ó reino de Galicia volve a repetirse na declaración do citado noiés, Pedro Lorenzo de Sarnón, cando asegura que, desde a fortaleza de Outes, García “abia echo mal y robos y se aseñoreaba de casi todo el reino en que mandaba todos los basallos del dicho alfoz [Muros-Noia] ansi los de la tierra del arzobispo de Santiago como los de Suero Gomez [de Soutomaior] y de otros hidalgos del dicho alfoz, salbo los del conde de Altamira porque bebia con el”¹¹⁴. Aclárase deste xeito que Outes era del mesmo, e da súa muller, no tocante a control xurisdiccional e cobro de rendas, se ben desde o punto de vista político-militar García Martínez estaba ó servizo de Altamira, conde Lope Sánchez de Moscoso, que tiña da súa man “el castillo de Outes y el castillo de Jallas”, lemos noutro lado, cando, na primeira metade de 1477, axuda ó Conde de Benavente a cercar A Coruña tomada por Diego de Andrade¹¹⁵.

A satanización dos novos cabaleiros malfeitores que xorden –ou rexorden, segundo os casos– logo dos derrocamentos da Santa Irmandade, afectaba con máis motivo, e literalidade, ás fortalezas que eles volveron a erguer contra a opinión dos veciños: “dize este testigo quel dicho castillo es roto y alto [polo lugar onde estaba] e que es cosa catiba e de muy biejas paredes secas y que nadie no osa bibir en el a mas de veinte años [desde 1507¹¹⁶]”. Ata aquí una simple descualificación simbólica, estética e funcional, pero de

114 *ídem*, p. 566.

115 *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 197; José GARCÍA ORO, *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, Señorío y Nobleza*, Santiago, 1977, p. 130; Francisco CORREA ARIAS *Mentalidade e realidade social na nobreza galega: os Andrade de Pontedeume (1160-1540)*, tese doutoral inédita, Universidade de Santiago, 2008, pp. 256-257.

116 De tódolos xeitos o deterioro do castelo, unha vez derrubado, durou tanto que gravouse a lume lento na mentalidade popular: nas visitas para avaliar os danos nos pontificados de Tabera (1524-1534) e Gómez Sarmiento (1534-1541), contan as testemuñas campesiñas da súa xurisdicción como ían caendo cachos de paredes e podrecendo madeiras, medio século despois do segundo derrocamento (véxase a referencia da nota 96).



O diaño do Castelo de Outes

seguido di López de Sarnón: “y tambien porque anda en el diablo que hespanta las gentes que en el hestan y quieren dormir”, do cal a testemuña ten experiencia directa, “porque tambien a este testigo estando en el una noche se le paro delante una vision grande y espantosa y se asio con este testigo a los braços y fue para echarlo a una escalera abaxo”, concluíndo –non sen antes asegurar que outros tamén viron ditos “hespantos”– que “hera y fue mexor dejar caerlo que no corregirlo”¹¹⁷. Puido dicilo seguramente máis mais alto (o tribunal arbitral Tabera-Fonseca sempre impoñía respecto) pero non máis claro.

A mentalidade xusticieira e antifortaleza dos irmandiños que lles levará a derrubar practicamente todas as torres e castelos do Reino por ser “niños de malfeitores”, seguía polo tanto activa a principios do século XVI na memoria colectiva, en boa medida tamén por oposición ós nobres que tentaron, na década dos anos 70 do século XV, levantarlos de novo resucitando una resistencia popular que cría, en verdade¹¹⁸, que nas fortalezas moraba o maligno: os castelos antes fermosos acabaron sendo, no outono da Idade Media, “cousa do demo”.


O caso de Outes é dobremente paradigmático. Primeiro porque a identificación diaño-cabaleiros-fortalezas complementa o esquema milenarista de 1468 do clérigo irmandiño Rui Vasques, baseado na cualificación santa e apocalíptica do levantamento contra os cabaleiros do Reino de Galicia, que son acusados na súa *Crónica de Santa María de Iría* de homes pecadentos xustamente castigados pola Santa Irmandade. O cura Rui Vasques era, en 1467 e 1468, precisamente, párroco de Santa de Chacín e de Santa María de Entíns, lugares próximos ao castelo de Outes, onde Rui con seguridade recolleu estados de ánimo e predicou con máis espontaneidade o seu ideario relixioso anti-señorial¹¹⁹, que na casa-torre compostelá do coengo Fernán de Leira onde escribiu a súa crónica.

Doutra banda, o caso de Outes acredita a base histórica da novelas decimonónicas sobre castelos habitados por pantasmas. A diferenza é que nos séculos XV-XVI as “visións

¹¹⁷ *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 566.

¹¹⁸ O real e o imaxinario non se diferencian tanto na Idade Media como posteriormente.

¹¹⁹ Carlos BARROS, “Milenarismo y utopía civil en la revuelta irmandiña, 1467-1469”, *XII Curs d'estiu “Utopies i alternatives de vida a l'edat mitjana*, Balaguer, 2007 (www.h-debate.com/cbarros/spanish/articulos/historia_medieval/Milenarismo.htm).



Rui Vasques, párroco irmandiño nos arredores de Outes.

grandes e espantosas” dentro dos castelos tiñan unha función real, político-social, relixiosa e antiseñorial, que pasa a ser ficción –real, doutro xeito– co romanticismo e a literatura gótica¹². Tamén nas novelas románticas, os vasalos en revolta toman finalmente ó castelo para vingar os agravios perpetrados polo malvado señor da fortaleza...

Outra testemuña do preito Tabera-Fonseca, Martín da Gándara, labrador da parroquia San Gíao de Tarás, home polo tanto da vella xurisdición feudal de Outes, infórmanos do segundo asalto ó castelo a finais dos anos 70¹²¹, despois de ser reconstruído por García Martínez de Barbeira e Sancha Mariño de Lobeira: “vido que se ayuntaron los conçejos de Noya e Muros e con ellos por capitan Esteban de Junqueras¹²² e con trabucos que lle baban e con ellos al pie el dicho señor Patriarca siendo arçobispo de Santiago, los quales todos segun dicho es la tomaron al dicho Garçia Martinez y la entregaron al dicho señor Patriarca”¹²³. O mercador Campixo conta máis brevemente o mesmo: “dicho señor Patriarca siendo arçobispo lo çercara e tobiera en el çercado y lo tomara al dicho Garçia Martinez y lo echara”¹²⁴ do castelo de Outes. Tratase dun asedio con catapultas de balas de pedra e participación das milicias urbanas¹²⁵, sen demasiadas diferencias de seguro coa

120 O precursor das novelas de terror gótico é Horatio Walpole cunha obra chamada, xustamente, *The Castle of Otranto* (1764), onde inventa (innecesariamente) un documento de 1529 para xustificar o seu argumento sobre castelos e pantasmas.

121 Esta toma de Outes ocorreu entre 1477 (cando o cerco de A Coruña, García Martínez estaba co conde de Altamira, véxase a nota 115) e 1481, xa que volve a aparecer a fortaleza na documentación como propiedade arcebispal, cando os enviados dos Reis Católicos están en Galicia e Fonseca marcha cara a Corte, *La hacienda arzobispal compostelana. Los libros de recaudación (1481-83 y 1486-91)*, p. 153; *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, Señorío y Nobleza*, p. 149; este abano de datas para situar o segundo e definitivo derrocamento de Outes correspóndese coas declaracións do preito Tabera-Fonseca que falan de que García Martínez de Barbeira tivo nas súas máis o castelo 7-8 anos, nun caso, e 10-15 anos, noutro, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 60, 554.

122 O mesmo Estevo de Xunqueiras que, dez anos antes, apadriña en plena reacción nobiliaria a Lope Sánchez como herdeiro dos Moscoso (véxase a nota 107), unha mostra máis da ruptura da unidade señorial na Terra de Santiago logo de 1469.

123 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 61.

124 *Ídem*, p. 554.

125 Sendo Martín Gándara un labrador do alfoz de Muros, resulta estraño que non nomeara os campesiños dos arredores, vítimas primeiras da fortaleza e seguros participantes da segunda demolición seguindo a tradición local de revolta, a explicación pode estar na reprimida brevidade e ambigüidade das súas respostas como vasalo recoñecido e testemuña do arcebispo Tabera.



O cabaleiro Estevo de Xunqueiras, no segundo asalto de Outes.

primeira insurrección, en 1467, salvo que agora participan no cerco o arcebispo Fonseca e o seu fiel cabaleiro Estevo de Xunqueiras, cuxas fortalezas –incluída Outes– de ámbolos dous foran botadas abaixo pola mesma tropa dez anos antes: todo un síntoma da victoria irmandiña e do fracaso da política ultramontana das reedificacións forzosas na Terra de Santiago.


O labrador Martín da Gándara declárase impresionado, seis décadas despois, de ter visto de nenó ó mesmísimo arcebispo Fonseca (nomeado Patriarca de Alexandría ó abandonar a Mitra compostelá), “con ellos al pie” (armado, sen dúbida¹²⁶) xunta a xente de Muros, Noia e alfoces no cerco de Outes a finais da década dos 70. Entrementes a segunda testemuña, Pedro Campixo, o mercador de Noia, salienta o papel de Fonseca, do que se declara servidor, sen mencionar ó protagonismo da xente común na toma da demoníaca fortaleza. Todo o cal proba a grande popularidade (apoiada pola Igrexa) na ría de Muros-Noia da causa contra a fortaleza malfeitora, que andando os séculos os Mariño de Lobeira exhibirán, paradoxalmente, como proba da antigüidade da súa liñaxe.

Ex-irmandiños e arcebispo Fonseca xúntanse en armas contra os Moscoso e os Mariño de Lobeira, porque pactaran en 1469 a non reedificación das fortalezas na Terra de Santiago¹²⁷, invertendo cidades e vasalos anteriores alianzas para opoñerse agora ó Conde de Altamira, e demais cabaleiros, que andaban a levantar de novo as fortalezas e a usurpar as xurisdiccións feudais á Igrexa, co perigo que iso supoñía de agravamento da situación social dos dependentes. Ó cabaleiro Estevo de Xunqueiras ó servizo de Fonseca, derrubaránlle tamén os irmandiños de Santiago e da Póboa do Deán o seu castelo de Xunqueiras¹²⁸, que non tentou refacer posteriormente, asumindo como bo fonsecano o pacto de 1469, participando logo activamente na guerra pos-irmandiña contra os cabaleiros rampantes con pretensións reedificadoras. Amosando especial interese en combater ó capitán dos Moscoso, con quen tiña unha virulenta inimizade persoal.

126 Sueiro Gómez de Soutomaior acusa, cara 1478, ós arcebispos Rodrigo de Luna e Alonso de Fonseca (logo Patriarca) porque sendo “pastores e debiando ser por vestiduras de pontifical, se vestían e se armaban en blanco e arnés francado a caballo”, Valentín VIQUEIRA, *El castrum lupariae. Folleto histórico de la torre de Lobeira en el valle del Salnés*, Pontevedra, 1960, p. 47.

127 Carlos BARROS, “Revuelta de los irmandiños. Los gorriones corren tras los halcones”, *Historia de Galicia*, vol. 24, Vigo, 1991, pp. 457-458 (<http://www.h-debate.com/cbarros/spanish/revuelta.htm>).

128 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 362, 537, 539-540.



O arcebispo Fonseca no segundo asalto de Outes.


Anos antes, en 1471, comezouse unha grande loita polo control da fortaleza de Altamira no val da Mahía¹²⁹. Cóntanos Vasco de Aponte como Estevo de Xunqueiras buscou a "García Martiz asta que le topo, diçiendole: 'A, traydor, a mis manos as de morir; el diablo te trajo aqui". Respondéndolle García: "O cornudo traidor: no as aca de entrar [nos restos de Altamira] como piensas, que hombres estamos aca dentro que te sabremos tornar y a toda tu compañía'. Con esto, dándose de las espadas muy grandes golpes asta cansar, y todos los de fuera ya cansados asta no poder más, retrajéronse". Ámbolos dous trátanse de traidores, de transgredir a lealdade cabaleiresca; fóra dixo os insultos diverxen: Estevo volve a identificar ao home de Sancha de Lobeira, señora do castelo dos espantos, co "diablo", e García trátao de cornudo e pouco home (nada novo baixo o sol), terminando ambos por dirimir a disputa con espadas, naturalmente "muy grandes" (mandobres), sen se facerse dano, por suposto, ofrecendo con todo ao público asistente, defensores e atacantes, un bo espectáculo que terminou en empate. O propio Lopo Sánchez de Moscoso tivo que volver despois "con mucha compañía" para facer por fin unha torre sobre os restos de Altamira¹³⁰, o que provocou deseguido a sonada batalla de Altamira do 13 de xuño de 1471, con grandes exércitos –aínda que non tanto como ós da revolta e contrarrevolta irmandiñas–, que tampouco resolveu moito, pero permitiu a García Martínez e Sancha Mariño de Lobeira o control Outes durante a maior parte dos anos 70, ata o asalto final entre 1477 e 1481¹³¹, e as súas secuelas.

Cóntanos o campesiño Martín da Gándara como o teimudo home de Dona Sancha, ocupado como estaba en dirixir a tropas de Moscoso contra Fonseca, tivo tempo de recuperar una vez máis o que quedaba da importante (para el, persoalmente, como exercicio de poder; para os seus fillos Mariño de Lobeira, coma linaxe) fortaleza roqueira de

129 A reedificación ou non da fortaleza de Altamira era algo que afectaba tanto os veciños da ría como á propia igrexa de Santiago, pois estaba no punto medio do camiño de peregrinación, e comercio, que unía Santiago de Compostela cos seus portos de Noia e Muros.

130 *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, pp. 181-182.

131 Véxase a nota 121; en 1481, Fonseca viaxa a Corte para tomar posesión da presidencia do Consejo Real, mantendo a súa volta unhas relacións de "respeto mutuo" co Conde de Altamira (a quen tamén o obrigarán a ir á Corte en 1486), ambos tiña un problema maior: a intención decidida do Gobernador Fernando de Acuña de poñer orde no Reino de Galicia, Antonio LÓPEZ FERREIRO, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Vigo, 1968 (reed.), pp. 108-109, 120.



Duelo entre García Martínez e Estevo de Xunqueira, 1471.

Outes: “la tornara a tomar por engaño de un Roy Martinez de San Cristobo que en ella estava, que se la vendiera por quarenta doblas”; as lealdades dos alcaides non eran moi severas en aqueles tempos revoltos. Rematando a testemuña de Tarás: “y despues Bartolome de Bamonde por mandado del dicho señor Patriarca la torno a tomar otra vez al dicho Garçia Martinez y dende quedara sienpre por la dicha Iglesia de Santiago”¹³². O carácter individual da acción, e a pouca entidade militar de este derradeira reviravolta, sabido de que o castelo estaba polo chan, correspóndese cun tempo posterior¹³³ en que Fonseca procuraba o pacto co Conde de Áltamira, ó que afectaba pouco a situación presente de Outes, que desaparece do relato cando se di de García que “con su favor [do Conde de Altamira] sojuzgaba a Muros y a Noya y al couto de Jallas, asta tanto el arçobispo se concerto con el de le haçer feudo de Cira”, onde Don Lopo puxo ao seu fiel García –expulsado de Outes– como alcaide, onde seguiu facendo das súas. Engade Aponte outras concesións de Fonseca ó primeiro Conde de Altamira: “con mas que le dio la pertiguería –no dire cuanto tiempo–, porque dejase a su mujer Dona Constanza, y ansi se hiço... El arçobispo lo caso despues con Doña Aldonça de Açevedo, su hermana, que fue aquella condesa de Altamira que se enforco en Santiago”¹³⁴.

Despois de morto García Martínez¹³⁵, a liorta pola fortaleza destruída continuou: Sancha de Lobeira¹³⁶ puxo preito a Fonseca polos reparos que fixera no castelo de Outes –outros din que pola propiedade– sendo o arcebispo Fonseca condenado a pagarlle 1.000 dobras de ouro, cousa que fixo; outros din que só lle dera 600 dobras¹³⁷, moi lonxe en todo caso das 40 dobras con que García corrompera ó alcaide Roi Martínez, posto de Fonseca despois do segundo asalto. Dona Sancha andou logo a dicir que gastara moito máis

132 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 61.

133 Véxase a nota 131.

134 *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, pp. 191-192.

135 Nunha información de mediados do século XVI, di un labrador de San Gíao de Beva que García Martínez “estuviera casado con la dicha doña Sancha hasta su falesçimento, que fue muerto en la çibdad de La Coruña”, *Os Mariños de Lobeira, señores de Serra de Outes, na Galicia do Renacemento*, pp. 121, 124.

136 Sancha de Lobeira aparece novamente casada a finais do século, con García Sarmiento de Salvaterra, e morre en 1516, *idem*, pp. 81, 84, 217-218; Felipe de la GÁNDARA, *Armas y triunfos. Hechos heroicos de los hijos de Galicia*, Madrid, 1662, pp. 537-538.

137 Véxase a nota 99.



Sancha de Lobeira.


no preito, e que “las abia de dar [as dobras] por Dios”¹³⁸. Tamén ela sabía que o castelo caído era “cosa catiba”, cada vez máis anacrónica conforme entramos no século XVI, pero estaba en xogo o honor dos Mariños de Lobeira, que tentaba xa daquela facer do auténtico castelo da serra a súa referencia histórica: antes de que remate o novo século serán coñecidos e reivindicados como os “señores da Serra de Outes”¹³⁹.

Deixemos para o final a sentenza da historia dita polo membro da oligarquía de Noia, Pedro Campjxo, que nos veu facendo de informador cara 1527, cando ninguén vivía xa no abaixado castelo de Outes: “a este testigo le paresçe questaria mejor a las villas de Noia e Muros el dicho castillo derrocado que no alçado porque no sabe que provecho aya”¹⁴⁰.

138 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 566.

139 Véxase a nota 82.

140 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 554.



Segundo derrocamento do Castelo de Outes, entre 1477 e 1481.

4

POLA SANTA IRMANDADE

A insurrección xeral contra as fortalezas na primavera de 1467 ten territorialmente dúas características, segundo os relatos ofrecidos polas testemuñas do preito Tabera-Fonseca: cada xurisdición derrocaba as súas fortalezas, pero se axudaban entre si cando era preciso, ben pola resistencia presentada polos cabaleiros (caso Conde de Lemos) ben pola envergadura das fortalezas a derrocar (caso Rocha Forte). Temos noticia da constitución de tres grandes exércitos irmandiños na fase insurreccional da revolta: 1) o que disque chegou a xuntar 30.000¹⁴¹ homes armados en Lugo e Terra de Lemos, con axuda de Santiago, que perseguiron a Pedro Álvarez Osorio, Conde de Lemos, ata Ponferrada¹⁴²; 2) as milicias do bispado tudense que mantiveron cercada durante un ano a cidade de Tui (tomada por Álvaro de Soutomaior), coa axuda de Pontevedra¹⁴³; 3) o que se formou con 10-12.000¹⁴⁴ irmandiños preto de Santiago para tomar a invicta Rocha Forte e outras fortalezas próximas, co favor das restantes vilas do arcebispado, máis certa contribución do irmandiño de A Coruña, Betanzos e Portomarín¹⁴⁵.

As cidades da ría de Noia e Muros, "e las tierras llanas alrededor dellas"¹⁴⁶, xúntanse pois na primavera de 1467 con Santiago de Compostela, cabeza da grande xurisdición señorial a cal pertencían ditas vilas e seus alfoques, segundo ensaiaron nos anos 1458-1459. Igual fixeron, cara 1451, Pontevedra e a comarca do Salnés cando levantan a "irmandade dos portos", actuando xuntos como irmandiños no sur de Galicia dezaseis anos despois¹⁴⁷. De maneira que conflúen no exército compostelán do centro de Galicia, as forzas irmandiñas das Rías Baixas¹⁴⁸, para tomar e derrubar tanto as fortalezas do arcebispo

141 Na Idade Media os números non sempre se deben entender literalmente, e menos tratándose de batallas, en todo caso damos cifras documentadas abondo aceptables dado o grado de xeneralización de revolta, proporcionais ós feitos militares relatados.

142 Véxase a referencia da nota 45.

143 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 395.

144 Cadran en dar ó mesmo número un prateiro de Santiago e un labrego da Estrada, o que reforza a súa credibilidade, amosando a capacidade unificadora da tradición oral, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 321, 340.

145 *idem*, pp. 187, 321, 335.

146 *idem*, p. 558.

147 "Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra", pp. 54-55.

148 Menos a Ría de Vigo que con seguridade foi cos irmandiños do bispado de Tui, permanecendo o primeiro ano da revolta irmandiña no cerco de Tui.

Fonseca como as da casa dos Moscoso, que precisaron dunha forza social e militar que rebordaba as irmandades locais.

Con todo, os irmandiños de Compostela, mailos campesiños da súa comarca, aprópiáanse e derrocan pola súa conta a torre e os pazos arcebispais da cidade, así como outras torres e castelos da Igrexa de Santiago e dos cabaleiros da zona¹⁴⁹. Temos para nós que as xentes das vilas e terras de Muros e Noia fixeron o mesmo coas fortalezas da propia Ría, empezando por Outes, cuxa toma e demolición non debeu precisar auxilio externo, a diferenza de Xallas¹⁵⁰ que si aparece no itinerario xeral do exército centro-occidental: “podra aber sesenta años poco mas o menos tienpo que vido llebantar en hermandad la çiudad de Santiago y villas de Noia y de Muros y toda la Ria d’Aroça y todas las tierras de su comarca alderredor (...) e con mucha gente tomaran las fortalezas” de Rocha Forte, Rocha Branca e Xallas, do arcebispo, ademais de Altamira e Vimianzo do (futuro) Conde de Altamira, máis Rianxo de Sueiro Gómez de Soutomaioir...

O informante deste itinerario irmandiño na Terra de Santiago é ben coñecido por nós: Pedro Campixo, mercador de Noia, que tiña 10 anos en 1467¹⁵¹. Outra testemuña, Pedro Díaz de Luaces, escudeiro e rexedor do concello de Noia, engade Pontevedra e Padrón ao listado de Campixo¹⁵², insistindo en que “bio que andaban juntos”¹⁵³. Non deixa de ser curioso que as testemuñas de Noia estean entre as que máis insisten no carácter extra local da insurrección xeral contra as fortalezas, mentres que as testemuñas compostelás falan moito máis do ámbito comarcal do levantamento.

Estaba claro para todos, favorables e contrarios, que a rebelión da Santa Irmandade fóra contra os “señores, prelados y caballeros de dicho Regno”¹⁵⁴, derrocando fortalezas

149 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 321, 457.


150 A importancia estratéxica da fortaleza de Xallas viña da súa situación no medio do Condado de Trastámara; en 1408, o arcebispo García Manrique pasoulla en tenencia feudal a Luis Soga Mariño de Lobeira, fillo do célebre Roi Soga, o “degolado”, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, p. 25.

151 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 551-552.


152 Como xa dixemos (véxase a referencia da nota 145), outras testemuñas inclúen tamén nesta concentración irmandiña ó redor de Compostela ás cidades de reguengo, Betanzos (cabeza da revolta no conxunto de Galicia, segundo recoñeceu posteriormente Henrique IV) e A Coruña, e tamén xente irmandiña do Camiño francés (Portomarín).

153 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 558.

154 *¡Viva El-Rei! Ensaos medievais*, p. 227.



Primeiro derrocamento do Castelo de Outes, 1467.



Prendemento de Afonso García, veciño de Noia.

tanto dos señores laicos como eclesiásticos, dos grandes e medianos cabaleiros e ata pequenos fidalgos, incluíndo as torres e castelos dos dirixentes militares irmandiños e as súas familias¹⁵⁵. A dimensión de clase do levantamento irmandiño ten máis que ver coa unicidade social provocadas polo adversario principal, a clase señorial representada pola oligarquía nobiliaria, e o súa rede de poder fortificado, que coa súa composición interna interclasista, aínda que maioritariamente popular. Neste sentido a revolta de 1467 supón na Terra de Santiago, e en todo o reino de Galicia, unha paréntese evidente na práctica¹⁵⁶ tan común como necesaria na ría de Muros-Noia, e no conxunto do arcebispado, de se apoiar no señor arcebispo contra os cabaleiros da zona, e viceversa. Estratexia alternativa conforme cada conxuntura que resucitará, despois de 1469, ata que, de 1480 en diante, poden apoiarse no novo poder público, xudicial e militar, contra os señores, cabaleiros e prelados do Reino de Galicia.

A apuntada tendencia das testemuñas noiasas a “diluírse” na irmandade da Terra de Santiago dirixida desde Compostela, ten un efecto secundario: minguar unha información local e comarcal máis detallada na tradición oral transcrita sobre a revolta anti-fortaleza de 1467, en contraposición coas loitas na ría da década dos anos 70, que aparecen máis no preito Tabera-Fonseca por mor da reedificación, toma, retoma e segundo derrocamento do castelo de Outes, no contexto do enfrontamento posirmandiño entre Fonseca e o Conde de Altamira polo control da maior xurisdicción de Galicia: o señorío de Santiago. Así e todo, Pedro Campixo, proporciónanos, ademais das xa citadas novas sobre o papel de Muros, Noia e alfoces no levantamento irmandiño da Terra de Santiago, que non é pouca cousa, tres valiosas referencias máis sobre o factor detonante da revolta na ría, os símbolos do novo poder irmandiño e a resistencia popular ás pretensións reedifi-

155 Por exemplo, o castelo de Sober da familia de Diego de Lemos ou a torre de Goldrame de Sueiro de Noguero, comendador de Portomarín, ámbolos dous capitáns irmandiños, por non falar da ambigua situación de Lope Sánchez de Moscoso, capitán dos irmandiños no inicio da revolta na zona de Padrón, onde participou con fervor –sen dúbida– na destrución das fortalezas de Fonseca e observou con inquietude –cando menos– o derrocamento de Altamira, sé fortificada da súa casa familiar, motivo probable do seu distanciamento posterior da Santa Irmandade; doutra banda, ¿non é unha característica de todas as revolucións a presenza de mozos rebeldes da clase dirixente no cadro dun enfrontamento xeracional-familiar?

156 As estratexias alternativas son obrigadas cando a relación de forzas é desfavorable para a xente do común, a revolución de 1467 foi unha excepción, aínda así os populares dispuxeron naquel entón de apoios importantes nos ámbitos cortesáns, eclesiásticos e mesmo nobiliarios (como o marqués de Astorga).



Henrique IV de Galicia, León e Castela.

cadoras dalgúns cabaleiros, pasado o temporal da Santa Irmandade. En tódolos casos, trátase duns testemuños que transcenden ao local, de interese xeral¹⁵⁷, ben útiles para un coñecemento máis profundo da revolución social que marcou a entrada de Galicia na modernidade.

Como ben sabemos a mentalidade xusticeira dos irmandiños desátase, nunha situación previa de desorde feudal e inseguridade xeral¹⁵⁸, a partir de certos agravios detonantes. O que se gardou na memoria colectiva durante décadas, en Noia, foi o soado secuestro¹⁵⁹ de Afonso García: “antes que se llebantase la dicha hermandad andaba la gente en el Reino a quien mas podia mas hacia e no osaban las gentes andar polos caminos seguros y questionçes dize el dicho testigo que un Afonso García, vezino de Noia lo prendieran y tobieran preso en la casa fuerte donde lo soltaran hasta que lo rescataran”¹⁶⁰. A relación inmediata que establece o informante Campixo entre camiños inseguros e secuestro de persoas –xeralmente con medios económicos para pagar o rescate–, lévanos a inferir como máis probable que “a casa forte”, onde tiveron preso a este membro probable da oligarquía urbana, foi o castelo de Outes construído nun pico de rocha, antes dos irmandiños, para “robar y aseñorear las villas de Noia y Muros”, conforme nolo di máis adiante¹⁶¹ esta mesma testemuña. Pedro Campixo conta tamén como deixaran ceibe ó tal Afonso, logo de ceder este e pagar o prezo convido, engadindo: “que al dicho tienpo quel testigo bio andar la dicha hermandad por las dichas fortalezas que dicho tiene dize este dicho testigo que se dezia por publico e notorio entre los de la dicha gente que [lo que] hazian que hera por el bien y paz del dicho Reino de Galizia e en nonbre e por mandado del rey don Enrique, que hestonçes reynaba”¹⁶².

157 Os relatos das testemuñas de Noia no preito Tabera-Fonseca demostran o alto nivel de información e conciencia social y política propia dunha oligarquía urbana (mercadores ou fidalgos como Pedro Campixo e Pedro Díaz de Luaces) que “coñecen o nome” de El-Rei, ¡Viva El-Rei! *Ensaio medievalis*, pp. 198-199.

158 *Mentalidad justiciera de los irmandiños, siglo XV*, pp. 31 ss.

159 Sobre as prisións con rescate, especialidade da delincuencia directamente señorial, véxase *idem*, pp. 135 ss.


160 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 552.

161 *idem*, p. 554.

162 *idem*, p. 552.

Dixemos máis enriba como o mercador Campixo sendo neno quedou abraiado polo que viu a partir de 1467, escoitou e logo transmitiu boca a boca ata chegar á cultura escrita¹⁶³. A súa declaración verbal é, desde logo, a máis ilustrativa sobre o paso da grande revolta polas terras de Noia e Muros¹⁶⁴, tamén porque Pedro Campixo foi a única testemuña ocular directa (di ter 70 anos en 1527), en cambio, Pedro López de Sarnón e Pedro Díaz de Luaces, polos anos que confesan ter no tempo do preito T-F (60, 62 anos), e o que din nas súas declaracións, é claro que son testemuñas soamente auriculares, aínda que moi próximas aos feitos, nacen máis ou menos no tempo da insurrección¹⁶⁵.

O que nos marabilla hoxe é a capacidade de Campixo, xunto con outras testemuñas do preito Tabera-Fonseca da élite urbana e campesiña¹⁶⁶, para vincular a realidade contigo, local, cun acontecemento cuxo ámbito histórico decisivo é o Reino de Galicia¹⁶⁷. A mentalidade de revolta desta testemuña fonsecana establece unha relación causal, racionalmente articulada, entre a inseguridade xeral e o exemplo local (Afonso García), as fortalezas malfeitoras e o exemplo comarcal (Outes), a insurrección e os derrocamentos na Terra de Santiago (coa participación activa da ría de Muros-Noia) co benestar e a paz no Reino de Galicia, en nome do Rei lexítimo naturalmente, elevando o ton do seu relato dende o secuestro de Afonso García ata o reino irmandiño de Galicia.



Representante real lendo o permiso para facer irmandades, 1467.

163 A tradición oral a favor, e en contra, dos irmandiños chega a manifestarse libremente nas probanzas Tabera-Fonseca, porque o arcebispo entrante (Tabera) acusa ós arcebispos saíntes (Fonseca, pai e fillo) de non coirdar o patrimonio da Igrexa compostelá, por deixar que os vasalos derrocasen os castelos e non obrígalos a restauralos; para defenderse, Fonseca procurou superviventes e descendentes dos irmandiños que lle axudasen a demostrar o carácter irresistible, xusto e irreversible do grande levantamento de 1467.

164 Non hai testemuñas da vila de Muros no preito Tabera-Fonseca, quitando algún campesiño do seu alfoz como Martín da Gándara, se ben os tres declarantes de Noia, cuxa información estamos utilizando, falan tanto de Muros como de Noia.

165 Sobre a tendencia dalgunhas testemuñas a poñerse a idade da revolta, véxase Carlos BARROS, *Mentalidad y revuelta en la Galicia irmandiña: favorables y contrarios*, Santiago de Compostela, 1989, pp. 118-124.

166 Véxase a referencia bibliográfica da nota 157.

167 "Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra", pp. 39-41.

5

VARAS, DEMOS E MOUROS

Pedro Campixo narra, así mesmo, como os rebeldes “nonbraban alcaldes e cadrilleros, los cuales traian baras de justiçia pintadas con saetas e que unos la llamaban Sancta Hermandad y otros le dezian la Fuzquenlla y que los dichos alcaldes y cadrilleros y otros diputados que tenian, regian y mandaban las gentes de las dichas tierras y fazian justiçian de los ladrones y malfechores que los justiçiaban a la saeta”¹⁶⁸. Todo ben coñecido por outras declaracións orais do preito T-F, menos o símbolo da vara que representaba o poder civil das máximas autoridades irmandiñas, os alcaldes, polo regular plebeos, aos que se subordinaba; na teoría e na práctica, a función militar dos capitáns fidalgos. O papel principal dos alcaldes (locais, comarcais, provinciais e xerais de todo o Reino) era exercer a xustiza¹⁶⁹, base principal e xeral do poder na Idade Media, o que lles levará a ostentar mesmo a dirección das milicias cando se trata de derrubar fortalezas (“Las grandes justicias acallan las pequeñas justicias”¹⁷⁰). Varas medievais de xustiza que equivalen aos bastóns de mando dos alcaldes posteriores, incluso actuais (entre outras autoridades), eximidos desde hai séculos das funcións xudicial, policial e militar, asumidas polos poderes do Estado moderno.

Na propia declaración desta testemuña explícase, como vimos, que o bastón de mando dos alcaldes cunha seta pintada significaba ó xeito de axustizar ós malfeitores por parte das “hermandades” na Coroa de Castela: atándoo a un árbore e disparándolle frechas de bésta (cast. ‘ballesta’), igual que as representacións do martirio de San Sebastián. O feito de que este informante estea a falar do exército irmandiño centro-occidental, unha das unidades militares máis importantes da insurrección, confire unha representación xeral a este símbolo da revolta irmandiña, polo demais moi parca en iconografía.

As respostas de Campixo ó cuestionario elaborado polos representantes de Fonseca (arcebispo de Toledo no tempo das probas orais), así mesmo favorables á xesta irmandiña, proporcionáanos, en terceiro lugar, unha curiosa revelación sobre a negativa rotunda dos vasallos a unha hipotética demanda económica señorial polos danos causados, no

168 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 552.

169 De feito, primeiro os alcaldes foron coñecidos como “justicias”, *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, pp. 479-480.

170 *Mentalidad justiciera de los irmandiños, siglo XV* p. 105.

cadro dunha resistencia xeneralizada ós intentos de reedificación das torres e dos castelos botados abaixo en 1467: “que si las dichas fortalezas que fueron derrocadas fueran pedir las y los daños y derrocamiento dellas a la personas de la dicha hermandad que a todo su parescer y creer le paresce que nos se lo pagaran no tobieran por donde pagar tanto daño quanto fizieran y que se alborotaran y se sopieran dar al diablo y se tornaran antes moros”¹⁷¹. Unha triple invocación, xa que logo, á unha nova revolta social (alborotarse) e á unha inédita e sorprendente revolta relixiosa: abandonar o cristianismo, facerse do diaño ou converterse ó islamismo. Todo coa finalidade de ensinaren os dentes á reacción señorial pos-1469 e reivindicaren a xusteza (e a victoria) da revolución irmandiña de 1467, cuxo resultado máis visible foi, xustamente, a caída das fortalezas.


A ameaza dunha nova insurrección dos vasallos no caso de ser obrigados a pagar os danos e/ou a reconstruír as fortalezas é abondo común nas declaracións das probanzas, especialmente se falan os da Terra de Santiago, onde se pactara –e cumpriran todos, menos a Casa de Altamira e Sueiro Gómez– a non reedificación. Xogaba en favor deles unha estendida conciencia da enormidade dos danos producidos aos señores, imposible de pagar na práctica. O sistema de fortalezas feudais do Reino de Galicia, destruído de xeito irreversible nos longos meses da primavera e verán de 1467, tardara cinco séculos en erguerse (X-XV), se ben acelerouse a súa expansión –finalmente abusiva– no derradeiro tercio do século XIV e na primeira metade do século XV, da man da nova e violenta nobreza trastamarista. A orixinalidade das palabras desafiantes de Pedro Campiño, onde se deixa ver a súa inimizade co derrubado castelo roqueiro de Outes, reside en dicir que antes de pagar polas fortalezas derrocadas “se sopieran dar al diablo”.

É a terceira vez que o demo aparece nesta historia dos irmandiños de Noia-Muros: identificando a (I) García Martínez de Barbeira, cabeza militar tanto dos Mariño de Lobeira como da nova Casa de Altamira, malquerido reconstrutor do endemoñado (II) castelo de Outes, ata se transformar para os noieses pro-irmandiños na representación social da (III) maldade suprema, que eles estaban dispostos a sufrir nas súas carnes antes de ceder ás imaxinarias represións señoriais. Os datos de Noia permítenos, desta maneira, incluír ó Diaño na beira mala da mentalidade bipartita imperante en Galicia na segunda

¹⁷¹ *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 553.



Alcalde irmandiño coa vara de mando.



Castelo de Outes reconstruído.

metade do século XV, pobo-xustiza / señores-fortalezas¹⁷², de forma que se Deus e El-Rei estaban no polo positivo, ¿por qué non habería de estar o Demo no polo negativo, cós cabaleiros ruíns e os seus castelos malfeitores? Demoñización da clase señorial e das súas fortalezas que tivo máis éxito, todo hai que dicilo, que o empeño dos contrarios populares de sinalar a revolta dos irmandiños co feo apelativo de “irmandade fusquenlla”¹⁷³, suxerindo tamén a súa identificación co reino maligno da escuridade.

A diferenza está en que os contrarios o fan de xeito implícito, ás escondidas, mentres que as maioritarias testemuñas favorables cualifican de forma aberta ás fortalezas, os seus propietarios e servidores, do peor que se podía ser, na mentalidade da época: cousas e xente do demo. Non había arrotada máis escandalosa e altiva na mentalidade medieval que saírse da Igrexa pola vía da “traizón”. Comparado co Diabo, en singular, dicir “antes mouros”, en plural, semella un pecado venial, político, que non afecta en tanto grao á salvación das almas con irse con Satán, o Inimigo de Deus, máis aínda se consideramos a convivencia tradicional e pacífica na Galicia medieval entre das tres relixións do Libro¹⁷⁴.

Tan terreal viña sendo a consigna popular de “antes moros...” como renegar da crenza irmandiña, accedendo a pagar polas fortalezas tan xusta e santamente derrubadas. A nosa testemuña preferida engade, para convencer aos xuíces arbitraris, un argumento político-económico-social do tempo dos Reis Católicos, que foi cando os señores faloron máis de indemnizacións e reconstrucións: “antes moros e que aunque se lo pidieran por justia cree lo mismo, porque al dicho tienpo el rey les pedia para la guerra de Granada de cinco onbres uno y tenian arto que hazer en pagarlo e susubirlo”¹⁷⁵. A guerra de Granada (1482-1492) ten moito que ver coa formación do Estado moderno polo seu papel na construción dun exército “nacional” e unha facenda pública¹⁷⁶. De modo que, como queda ben

172 *Mentalidad justiciera de los irmandiños. siglo XV*, pp. 78-79.

173 *Mentalidad y revuelta en la Galicia irmandiña: favorables y contrarios*, pp. 221-224; o apelativo de “fusquenlla”, aplicado a grande revolta irmandiña, aínda é utilizado hoxe en día por autores, xeralmente benintencionados, que ignoran o seu significado.

174 ¡Viva El-Rei! *Ensaio medievais*, pp. 75 ss; Carlos BARROS, “Celanova de las Tres Culturas, siglos X-XI”, *Rudesindus XI Centenario do nacemento de San Rosendo*, Santiago, Xunta de Galicia, 2007, pp. 88-105.

175 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 553.

176 De aí que nos anos 90 do século XV empece a cambiar o sentido da conflictividade social, substituíndo paseniñamente a nova Monarquía ós señores feudais como adversario principal dos populares.

claro na declaración do mercador Campixo, as cidades galegas¹⁷⁷ apoian ó novo Estado na medida en que este contribúe¹⁷⁸ a desprazar para sempre á cabalería feudal do poder político no Reino de Galicia, o que pasaba por dar por bos os derrocamentos masivos das fortalezas, aprobados formalmente por Henrique IV o 6 de xullo de 1467¹⁷⁹. Esixindo con éxito, así mesmo, do novo poder público unha oposición clara ós intentos antipopulares¹⁸⁰ de reedificacións de castelos e mailas tentativas –puramente retóricas– de esixir indemnizacións polos prexuízos causados ó patrimonio nobiliario.



Os Reis Católicos, Fernando e Isabel.

177 En consecuencia, as oligarquías urbanas de Galicia non participan como tales na revolta das Comunidades de Castela en 1520-21.

178 A partir da chegada de Acuña e Chinchilla a Galicia en 1480, invertese de novo a relación de forzas en favor da xente común, ó reconstruíren os enviados dos Reis Católicos as milicias populares co fin de derrocar as fortalezas novamente feitas, e obrigaren á desprestixiada oligarquía nobiliaria (a partir da visita do Reis Católicos a Galicia en 1486, sobre todo) a “exiliarse” na Corte de Castela.

179 *¡Viva El-Rei! Ensaio medievais*, pp. 210-212.

180 Una excepción foi a reconstrucción no Pico Sacro dunha torre e dun alxibe, defendida polas testemuñas pro-irmandiñas e pro-fonsecanas no preito Tabera-Fonseca, como unha defensa “necesaria” da Terra de Santiago fronte o castelo de Cira, reedificado polo Conde de Altamira, cuxo alcaide era xustamente García Martínez de Barbeira, o demo de Outes.

6

Os COBRES DE 1469

A raíz da autorización papal para desmembrar xurisdiccións señoriais do patrimonio arcebispal, Felipe II vende a un banqueiro xenovés, Baltasar Lomelín, a vila de Noia en 1586¹⁸¹, iniciándose daquela un preito pola elección de alcaldes¹⁸², entre os veciños (encabezados, nesta ocasión, pola oligarquía local) e o flamante novo señor, que foi gañado polos noieses, seguíndose¹⁸³ aplicando o sistema medieval dos "cobres", que consistía en propoñer por parte do Concello seis ou doce nomes¹⁸⁴ a fin de que o señor arcebispo decidise dous deles como alcaldes. O interese para nós deste preito tardío reside en que, pola banda dos veciños¹⁸⁵, preséntanse trasladados (copias) de documentos medievais de cobrados de Noia, anteriores e posteriores á revolta irmandiña, tanto emitidos polo concello (propostas) como polo arcebispo (decisión final), estando un deles datado precisamente nos derradeiros mesos do autogoberno irmandiño 1467-1469.

Xunto coas propostas de 12 nomes por parte do concello para os anos 1460, 1465 e 1480, veñen no citado preito copias dos nomeamentos de alcaldes por parte do arcebispo de Santiago para os anos 1469 e 1483¹⁸⁶. A prisión a comezos de 1465 de Fonseca na propia Noia, nas garras de Bernal Láñez de Moscoso, e a súa expulsión posterior do arcebispado por mor da rebelión conxunta de cidadáns e cabaleiros, a modo de irmandade, ampliada logo a toda Galicia ata a primavera de 1469 pola revolta irmandiña, fai que estrañe de entrada que, o 26 de xaneiro de 1469, ó exiliado Fonseca lle dera o concello irmandiño de Noia a posibilidade de "elixir", entre os tradicionais nomes "cobrados", dous alcaides para ese ano nas persoas de Fernando de Lema e Juan Martínez, quen

181 *400 anos na historia da vila de Noia*, pp. 53-57; en 1636, Noia volve á Igrexa de Santiago, "O pasado máis afastado. Un paseo pola historia primeira das terras de Noia", p. 54.

182 Está no Arquivo do Reino de Galicia como "1586 Los vecinos y cobrados de la villa de Noya con Damián Ramírez, juez de la misma, y Baltasar Lonceli..." (ref. ant. ARG, mazo 22337 nº 36).

183 O señor italiano aparece, tres anos despois, na documentación municipal elixindo dous alcaldes para 1589 dos seis propostos ou "cobrados" *400 anos na historia da vila de Noia*, p. 62.

184 Sobre os cobrados nas vilas do arcebispado de Santiago, véxase *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, pp. 477-480.

185 A iniciativa xudicial parte, en 1586, dun Sueiro Gómez de Soutomaior que posuía o cobrado familiar dos Bochóns, por si mesmo e as outras familias que controlaban a elección de alcaldes (véxase a nota 196); Gómez gaña o preito en prol do mantemento do sistema tradicional dos cobrados, no seu beneficio e de todos os veciños.

186 Publica unha tradución parcial ó galego Manuel Fabeiro en *Páxinas históricas de Noia*, pp. 127-131.

por outra banda nada teñen que ver coas poderosas familias locais que, antes e despois da Santa Irmandade, controlan os cobrados de Noia. O maior peso político do pobo miúdo na política municipal, en detrimento da oligarquía mercantil e fidalga, explica que, en plena revolta irmandiña, cambien os nomes de sempre dos alcaldes, o raro é que “consulten” ós “señores que foron” expulsados das súas xurisdiccións, e do Reino de Galicia, a designación das autoridades locais.

Polo demais, o “nomeamento” de alcaldes de 1469 segue o formulario establecido, cunha rara particularidade: está asinado directamente por Fonseca en Salamanca¹⁸⁷, na compañía dun simple escribán: “Por mandado de su señoría, Joan de Cajada, su scrivano”. O normal sería que o fixera o secretario arcebispal¹⁸⁸, ou que asinase o provisor do arcebispo, como nos nomeamentos de 1483¹⁸⁹. O caso é que o provisor de Fonseca, cóengo Juan García de Gomara, fóra desposuído das súas atribucións no eido temporal sobre toda clase de beneficios, cando Fonseca, expulsado do arcebispado, instálase primeiramente –o 28 de marzo de 1467– en Redondela¹⁹⁰. Días despois, o 16 de marzo, o cabido acordara destinar 4.000 pares de brancas para a “arca da yrmandade” recentemente formada, e o 30 de marzo, xúntase en pleno (33 capitulares) para convir gardar os segredos do cabido e ampararse mutuamente; o 23 de setembro deste ano da grande revolta, 1467, o cabido pide ó cóengo Vasco Martiz “os capitulos da hirmandade” que tiña en depósito; o 20 de maio do segundo ano irmandiño, 1468, o cabido insta ó concello para que apurase ós veciños que lles debían cartos, a fin de tomar do recadado 1.500 pares de brancas “para serbicio, probeyto et menester da santa hermandade”¹⁹¹.

187 Tanto no texto como nunca glosa do preito de 1586, lese claramente “Salamanca” como lugar de emisión do título de alcaldes para 1469, “1586. Los vecinos y cobrados de la villa de Noya”, p. 649; sobre a rareza da sinatura directa de Fonseca, véxanse as referencias das notas 269, 270.

188 Mercedes VÁZQUEZ, *Notarios, notarías y documentos en Santiago y su tierra en el siglo XV*, A Coruña, 2001, pp. 162-163.

189 *Páxinas históricas de Noia*, p. 131.

190 Ó mesmo tempo Fonseca retira competencias no eido espiritual a Vasco de Vitre, bispo de Sebaste, que viña facendo de bispo auxiliar en Compostela desde antes de Rodrigo de Luna; o 3 de outubro de 1468 o provisor de Fonseca xa non está en Santiago, resolvendo o cabido poñer ó cóengo fabriqueiro Pedro de Muros ó cargo da cadea dos clérigos, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, pp. 255-256.

191 *idem*, pp. 257-259.

Hai que salientar que o cabido non elixe un novo arcebispo nin sequera un novo provisor en Compostela, a diferenza do que se fixo en Ourense, onde o cabido si nomea novo bispo, cando morre o anterior, sendo máis o menos autorizado por Fonseca, agora desde Monçao (Portugal), por mor da autoridade metropolitana de Santiago sobre os outros bispados galegos, o 31 de agosto de 1468, nunha mostra máis da sutileza da política baixomedieval¹⁹². O cabido irmandiño de Santiago vai cubrindo o baleiro institucional eclesiástico que deixa o arcebispo desterrado, conservando a ficción formal do seu cargo, sen falar de “sé vacante” (o arcebispo estaba vivo), entrementes a Santa Irmandade ocupa, en toda a Terra de Santiago, co apoio do cabido, toda a xurisdición temporal da Mitra compostelá. Nese contexto, non parece factible que o nomeamento dos alcaldes de Noia de 1469 puidese ser subscrito polo deán do cabido como cando se da unha situación de “sé vacante”¹⁹³, non proclamada polo cabido –insistimos– nin antes ni despois de 1467, a pesar de estar realmente a cidade e terra de Santiago sen arcebispo nin provisor¹⁹⁴. Os cabidos de Santiago e Ourense, sabían perfectamente, con todo, que o exiliado Fonseca gustáballe dar unha de cal e outra de area: ao concello de Noia, tamén.


En Noia, Compostela e Galicia tiñan ben claro que “vivían sen señor”¹⁹⁵, por iso tivo que volver o político Fonseca, tres meses despois do “estraño” documento de 1469, cun exército para tentar recuperar Santiago, Pontevedra, Noia e demais vilas e lugares do arcebispado. O que finalmente só iogrará despois de pactar cos irmandiños, facendo importantes concesións, a fin de poder el mesmo, coa axuda interesada dos vasallos recuperados, enfrontarse ós Moscoso e outros cabaleiros que lle querían roubar a Terra de Santiago.

192 *idem*, p. 259; Fonseca aproba e confirma como “vicario sede vacante” ó candidato do cabido irmandiño, pero di que non ten atribucións para confirmalo como bispo (función papal), *Galicia en el último tercio del siglo XV*, pp. 32-33; sen dúbida, o Fonseca do exilio non podía aceptar o que xa se fixera en Santiago co irmán de Pedro Osorio contra Rodrigo de Luna, algo que sempre podía tentar o seu propio cabido pro-Santa Irmandade contra el mesmo en Santiago, pero acepta a situación dalgunha maneira, ante o feito consumado, co obxecto de manter a pouca autoridade que lle quedaba en Galicia.

193 Así acontece en 1587, *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, p. 480.

194 Véxase a nota 238.

195 ¡Viva El-Rei! *Ensaio medievais*, pp. 217-269.



Rexedores de Noia entregando a carta dos cobres para Fonseca.

A explicación do paradoxal “nomeamento” de alcaldes irmandiños de Noia a finais de xaneiro de 1469 por parte de Fonseca, ten que ver coa toma de posicións, duns e doutros, cara a Galicia posirmandiña. O documento asinando por Fonseca, en Salamanca, non é moi distinto doutros cobrados e títulos de alcaldes do mesmo concello, como se pode ver nas copias de 1586¹⁹⁶. A audaz iniciativa noiesa¹⁹⁷ de solicitar, sen necesidade, a autorización “señorial” para nomear alcaldes, é unha mostra máis de sutileza da burguesía medieval que gustaba moito de “obedecer pero non cumprir”, enviando ao arcebispo desterrado, cuxa xurisdición eles estaban cansos de negar, a “carta de los cobrados, cerrada y sellada en cada un año estays en costumbre de nos [escribe Cajada en nome de Fonseca] enviar por primero día de enero... para que nos fagamos dos de ellos alcaldes”¹⁹⁸. Non hai rastro de que tal cousa se fixera na Terra de Santiago¹⁹⁹ nos anos 1466, 1467 e 1468; tal vez o concello de Noia presentiu que sería oportuno e intelixente facelo en 1469.

O documento de 1469 proba que, ao final da revolta pero en pleno poder irmandiño, existían certos contactos entre o concello de Noia e o arcebispo fuxido e refuxiado en Castela. Hai que dicir que Noia e Muros participaron no levantamento armado contra o ar-

196 *Páxinas históricas de Noia*, p. 127: o notario termina deste xeito as dez follas do traslado do preito de 1586: ‘Los cuales los dichos autos que de suso ban scriptos... en virtud de la comision de los señores regidores y oidores que me fue dada, cuyo traslado saque del stante que alle en los dichos libros y titulos que alle en el ayuntamiento de la villa de noya, adonde los bi otra vez, con los que los dichos originales que ban rubricados de la rubrica de mi firma concuerdan y en fe dello de pedimento de suero gomez de sotomayor por si mismo y en nombre de los mas señores de cobrados de la dicha villa, lo signo y lo firmo en la dicha villa a catorze de hebrero de mil quinientos sesenta y seis anos. En testimonio de verdad Baltasar de Fernaderos’, “1586. Los vecinos y cobrados de la villa de Noya”, p. 655.


197 Trátase por suposto dunha iniciativa voluntaria, incluso nas capitulacións preirmandiñas que regulamentan o desterro de Fonseca dicíase que non podía mandar “llamar a persona alguna de la dicha çibdad [Santiago], clérigo ni lego al regno de Castilla contra su voluntad”, Publica Ermelindo PORTELA, María del Carmen PALLARES, Xosé Manuel SÁNCHEZ, *Rocha Forte, el castillo y su historia*, Santiago, 2004, Apéndice, p. 111.

198 “1586 Los vecinos y cobrados de la villa de Noya”, p. 648; no título de 1483, asinado –agora si– polo provisor en Santiago de Compostela, non se coida tanto o “segredo” da entrega do documento que agacha as evidentes anomalías deste “nomeamento” de 1469.

199 Tampouco temos noticias de que haxa nomeamentos señoriais de alcaldes no bienio irmandiño nos restantes señoríos episcopais de Galicia, que abranguían a maioría das cidades galegas, a pesar de que os seus bispos, a diferenza de Fonseca, si que estaban en Galicia.

cebispo Rodrigo de Luna²⁰⁰, morto o 1 de xullo de 1460²⁰¹, pero non tiveron unha especial conflictividade co seu sucesor Fonseca (1464-1506). Non consta que os cidadáns participasen²⁰², en 1465, na prisión de Fonseca en Noia, durante dous anos²⁰³, perpetrada por Bernal Iáñez de Moscoso. Incluso cando, en decembro de 1466²⁰⁴, dise nas capitulacións de rendición da Catedral por parte dos fonsecanos, unha vez morto Bernal, onde se acorda que Fonseca debería ser posto en liberdade e marchar fóra do reino de Galicia, que os concellos de Pontevedra, Noia e Muros, estarían obrigados a “non ayudar al dicho sennor arçobispo contra los dichos caballeros, çibdad e cabildo”²⁰⁵. Predisposición que non existiu no caso do arcebispo precedente, Rodrigo de Luna, que provocara a irmandade tripartita de 1458-1459.

Nos cobres de 1460 non se recoñecía para nada o papel de Rodrigo de Luna²⁰⁶, os noieles nomean ós dous alcaldes por si mesmos²⁰⁷, xa que a acta municipal de 1 de xaneiro, logo de facer constar os seis nomes directos, e outros seis polas familias dos cobrados, dise: “Figeron por alcaldes a Alonso de Paz [polos Guillelmes] a Juan Doseyra [polos Louro]... [que] ficeron juramento”²⁰⁸. O sobriño de Alvaro de Luna estaba naquel entón,



Escudo do arcebispo Rodrigo Luna.

200 Cómpre analizarmos polo miúdo as loitas urbanas e nobiliarias contra Luna para entender mellor a aprendizaxe acelerada que supuxeron para os participantes –sobre todo, populares– nos acontecementos decisivos, 1467-1469, para historia de Santiago, as súas vilas e terras, e aínda máis para o Reino de Galicia

201 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, p. 239

202 Véxase a nota 248.

203 Véxase a nota 249.

204 Antes de pasar a Redondela onde está o 28 de marzo de 1467, véxase a nota 252.

205 *Rocha Forte, el castillo y su historia*, p. 104.

206 Dínolo o propio Rodrigo de Luna, desde Salamanca (onde se refuxia, igual que faría anos despois Fonseca), o 31 de outubro de 1458: “estamos despojado [da obediencia dos vasallos] et expulso dello et de la jurisdicción et sennorio que a nos et a nuestra yglesia pertenesce en todo el dicho nuestro arçobispado (...) sy asi lo fãsemos sera como dicho es por auer et cobrar para ella et para nuestros subcesores la dicha cibdad de Santiago et uillas de noya et muros”, *idem*, Apéndice, pp. 117, 119, 123.

207 En 1460, existía unha situación de “sede vacante”, elixindo o Cabido de Santiago a Luis Osorio como “Vicario general eno espiritual et temporal da Sta. iglesia, cidade et arcobispado de Santiago a See vacante”; ó tempo que os cóngos disidentes e partidarios de Luna, acubillados en Iria-Pradrón, fan o mesmo con Esteban Fernández; os de Noia, non solicitan nomeamento a ningún deles, *idem*, pp. 241-242.

208 “1586. Los vecinos y cobrados de la villa de Noya”, p. 653

1458-1460, sendo combatido pola alianza da irmandade Santiago-Noia-Muros cos cabaleiros e o cabido da Igrexa de Compostela, que apoiarán, logo da estraña morte de Don Rodrigo a mediados de 1460, o nomeamento como novo arcebispo do cóengo Luis Osorio, fillo do Conde de Trastámara, Pedro Álvarez Osorio, e irmán de Pedro Osorio, capitán irmandiño por esas terras sete anos despois.

Henrique IV, que auxiliou sen resultados a Rodrigo de Luna, conseguiu do Papa que non fixera caso á demanda do cabido compostelán, en favor de Luis Osorio²⁰⁹, e designara como novo arcebispo de Santiago ó Deán de Sevilla, Alonso de Fonseca, que consolidada máis ou menos a Mitra compostelá pásalla, en 1464, ó seu sobriño do mesmo nome, que non gozará dela, verdadeiramente, ata moito despois da revolta irmandiña. A comezos de 1461, estando xa en Galicia o vello Fonseca de Sevilla coa intención de tomar Santiago²¹⁰, escríbelle Henrique IV ó Conde de Trastámara, pai do fugaz arcebispo dos composteláns: “dis que desis que Nuestro Muy Santo Padre ha provehido de la dicha Iglesia e Arçobispado a Don Luis Osorio²¹¹, vuestro fijo, sabiendo vos todo lo contrario, de la qual yo de vos he auido mucho enojo e sentimiento e soy de vos mucho maravillado”²¹².

Ademais da posición favorable de El-Rei²¹³, a diferenza máis clara entre a insurrección irmandiña de 1467 e a acción da irmandade das tres cidades creada en 1458, é a subordinación desta irmandade precursora á loita de bandos nobiliarios: pronto puideron com-

209 Consta que o 21 de agosto de 1460, Luis Osorio é vicario xeral da Igrexa de Santiago, cargo que de seguro ocupaba desde antes, sendo postulado como arcebispo logo da desaparición de Rodrigo de Luna; véxanse as notas 207 e 211.

210 O que consegue entre marzo e xuño de 1461, pondo fin ó breve arcebispo de Trastámara, *ídem*, p. 244.

211 Pola carta de Don Henrique vemos que Luis Osorio se autoproclama arcebispo de Santiago, e funciona como tal baixo a “rexencia” do seu pai, cando menos desde o falecemento, en 1460, do seu predecesor e inimigo Rodrigo de Luna; outra cousa é que desde o cabido se garden as formas á espera dunha confirmación papal que xamais chegará, polo que finalmente o arcebispo rebelde Luis Osorio (1460-1461) desaparecerá do episcopologio compostelán.

212 AHDS, leg. 21, Cartas reales, libro I, fol. 133.

213 El-Rei defende de costume ós seus amigos nas guerras dos señores polo poder laico e eclesiástico, desde a Corte non percibían outra cousa nas loitas compostelás 1458-1460, de aí que Henrique IV esixirá ós vasallos que obedezan e paguen as rendas a Rodrigo de Luna, señor lexítimo de Santiago, e non ós cabaleiros rebeldes, ou ó arcebispo da casa trastámara, igual no tocante ó control das fortalezas.

probar os plebeos que se trataba de quitar uns para poñer outros. O 6 de maio de 1458, o rei Henrique oponse a que os cabaleiros que –co sostén do concello– cambiaran as xustizas e demais representantes da autoridade arcebispal en Santiago, repetindo o mesmo o 22 de decembro, dirixíndose agora ao cabido²¹⁴. Nada se di do concello que, con toda probabilidade, administrábase a partir de 1458 pola súa propia conta, como vimos no caso de Noia cara 1460. Asemade os aliados señoriais dos concellos, tanto cabaleiros como cóengos, ó controlar xurisdiccións e nomear novo arcebispo, procuran a continuidade señorial. O 12 de xullo de 1460, doce días despois da morte do arcebispo lexítimo –segundo pensaban a monarquía e o papado–, Henrique IV escríbelle especificamente ás vilas de Muros, Noia, Pontevedra, Vigo, Redondela e Melide para que non acudan coas rendas arcebispaís ó Conde de Trastámara²¹⁵, por moito que o ordene o cabido catedralicio²¹⁶. Dubidamos que ditas cidades pagaran nada a ninguén, pola propia desarticulación de administración arcebispal, cando menos nas urbes, e porque a estas alturas os vasallos debían de estar sobradamente previdos sobre o sentido final do conflito con Rodrigo de Luna, iniciado polos cabaleiros feudatarios dous anos antes.


O protagonismo das cidades vai perdendo peso conforme adianta a rebelión cabaleiresca contra o arcebispo compostelán da familia Luna. O punto de inflexión é, con certeza, a tregua do 3 de setembro de 1459, acordada na porta de Mazarelos, onde se estipula, entre outras cousas, que o novo alcaide da Rocha Forte non constrinxirá “por leña nin paja ni serventia nin por otra cosa alguna” ós veciños de Santiago, Noia e Muros (“nin de sus caseros et labradores”), nin por descontado ós vasallos dos cabaleiros rebeldes, “quedandole a salvo [ó novo alcaide] de se aprovechar de los labradores e caseros del dicho señor arçobispo por la manera que quisiere”²¹⁷. Verificamos logo a transcendencia da cuestión das rendas señoriais nos conflitos internobiliarios. Na alianza intercla-

214 AHDS, leg. 21, fol. 51, 96.

215 Henrique IV sempre se dirixe ó pai, non ó seu fillo Luis Osorio, nomeado polos composteláns arcebispo que era quen de reclamar ditas rendas, o Rei veíao como un simple instrumento do seu proxenitor e Conde de Trastámara, alférez maior de El-Rei caído en desgracia, *ídem*, fol. 93.

216 AHDS, leg. 21, fol. 131.

217 *Rodrigo de Luna Estudio histórico*, p. 75; resulta curioso como os cabaleiros tentan facer partícipes da continuidade señorial ás oligarquías urbanas aludindo ós seus caseiros, mentres que os labradores e vasallos do arcebispo –o Conde aínda non proclamara ao seu fillo– son abandonados a súa sorte.



Escudo dos Fonseca.

sista urbano-cabaleiresca contra Rodrigo de Luna, os campesiños da Terra de Santiago non participan de forma autónoma, soamente como servidores dos señores e cidadáns en rebeldía. Outra lección, logo, que as terras e cidades do arcebispado aprenderon cara a revolta xeral de 1467 de todos os vasallos contra todos os señores. Axudou tamén acreditar nos feitos a futilidade como aliados dos cabaleiros da Terra de Santiago, que, levados por Bernal Iáñez de Moscoso (picado polo protagonismo do Conde de Trastámara na coalición²¹⁸), cambiaron de bando en 1460 para seguir a Rodrigo de Luna, que volverá de Salamanca para combater ao Conde, ao seu fillo arcebispo “impostor” e aos aliados urbanos en Santiago, Muros e Noia. Estando na Rocha Branca de Padrón preparando o asalto de Santiago, morre estrañamente o 1 de xullo de 1460, como xa dixemos²¹⁹, Rodrigo de Luna, desfacéndose de seguido a recentemente ampliada confederación nobiliaria de Moscosos, Lemos, Soutomaior, Ulloa e Andrade²²⁰, co malogrado Don Rodrigo.

Confederación de cabaleiros co arcebispo que volverá a formarse en 1469 –especialmente cara a batalla de Balmalige, cerca de Santiago– para enfrontar os irmandiños, entre cuxos dirixentes militares estará como ben sabemos o outro fillo do primeiro Conde de Trastámara, Pedro Osorio, agora sen ínfulas arcebispaís en Santiago. Todos aprenderon²²¹ e os levantados de 1467 optaron por non tentar substituír ó fuxido arcebispo Fonseca,

218 Naturalmente, Vasco de Aponte ofrece outra versión, que xustifica o cambio de bando do xefe dos Moscosos porque “despues que el conde fue metido bien en arçobispado quisiérale este... tomar Trastamara” que tiña usurpado Don Bernal, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 174.

219 Un ano despois, o 11 de xuño de 1461, falece Pedro Álvarez Osorio, I Conde de Trastámara, como no caso do seu inimigo, Rodrigo de Luna, as fontes suxiren como causa o envelenamento, *idem*, p. 58; *Historia de la Santa A M Iglesia de Santiago de Compostela*, VII p. 245.

220 *idem*, p. 238.

221 Tamén aprenderon os Osorio de Trastámara: o fillo principal do Conde, Alvar Pérez Osorio, herdará o título, será nomeado I Marqués de Astorga por Henrique IV, a quen apoiará na guerra civil (1465-1468), como tamén apoiará á Santa Irmandade de Galicia (1467-1469), sen que este sostén aos irmandiños se vexa afectado pola radicalidade da revolta, morre en 1471 defendendo a vila de Sarria do Conde de Lemos (“Revolta de los irmandiños. Los gorriones corren tras los halcones”, p. 458); o segundo fillo, Luís Osorio, frustrado arcebispo compostelán, foi logo bispo de Jaén e morreu de vello (1496); por último, o terceiro fillo, Pedro Osorio, o capitán irmandiño, casará despois coa herdeira dos seus inimigos Moscoso, coa a que tivo dous fillos, un foi o IV Conde de Altamira e o outro bispo de Astorga, Eduardo PARDO DE GUEVARA, *Los señores de Galicia. Tenentes y Condes de Lemos en la Edad Media*, A Coruña, 2000, tomo II, p. 21.

abóndalles con que fique igual que os cabaleiros: sen fortalezas, terras e vasalos. O que soamente será posible cando a revolta se radicaliza²²² e abrangue o conxunto do Reino de Galicia, se cadra a ensinanza máis relevante dos (relativos) fracasos parciais nas terras de Andrade (1431), nas Rías Baixas (1451) ou na terra de Santiago (1458-1459).

Con todo este bagaxe compréndese que os concelleiros de Noia tiveran abondo intelixencia e instinto para saber orientarse, nos derradeiros meses da grande revolta que solucionou de raíz, durante un tempo grande pero finito, os graves problemas das liberdades urbanas, das fortalezas e cabaleiros malfeitores, da falla de xustiza, paz e seguridade, dos excesos de rendas feudais que abafaban a vida económica e cotiá dos pobos, portos e cidades do Reino de Galicia.

Dentro desta excepcional e prolongada circunstancia de “vivir sen señores” cunha sorte de autogoberno urbano e rural ao redor das primeiras “Juntas Generales del Regno de Galicia”²²³; que perspectiva de futuro podía ter esta revolución social, mental e política en pleno século XV? Unha especie de “república irmandiña” ó estilo das cidades-estado do norte de Italia, que lograron independizarse dos seus bispos no século XII e viviron despois á marxe da feudalidade dominante gracias a unha extraordinaria conexión co comercio internacional? Dificilmente, estamos falando dunha Galicia irmandiña ruralizada e previamente feudalizada en extremo, que reivindica unha e outra vez na revolta de 1467 a súa identidade diferenciada como “Reino” –así consta no nome da Santa Irmandade e da propia Xunta de goberno irmandiño²²⁴– e cuxas milicias asaltan as fortalezas ó berro de “Viva El-Rei”, imaxinando ó seu xeito o monarca de Castela e León. Os revolucionarios irmandiños eran pro-monárquicos, pero dun xeito ben diferente –incluso contrario– do que iso significará moito despois, na época do absolutismo ou da Restauración,

222 A documentación utilizada e o ámbito urbano deste traballo non nos permiten coñecer como se chega á intervención masiva do campesiñado, artesanado e xente do mar, factor clave para entender o éxito fulgurante de 1467; fenómeno inédito que inclina ás burguesías urbanas á coalición coa xente común, escarmentados da limitación que supuxera anteriormente ó xogo dos bandos señoriais; novas alianzas de orde popular que favorecerá, doutra banda, o amparo de El-Rei ós irmandiños e a crenza na santidad da súa obra.

223 Véxase Carlos BARROS, “As orixes medievais da Xunta de Galicia” (<http://www.h-debate.com/cbarros/spanish/xunta.htm>).

224 “Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra”, pp. 39-41.

representándose a El-Rei cunha dimensión xusticieira, popular e antiseñorial, que excedía sen dúbida en cantidade e calidade as virtudes, accións e circunstancias do rei Don Henrique²²⁵.

Os irmandiños souberon ben nadar e gardar a roupa na súa relación co Rei lexítimo²²⁶, o cal favoreceu que a “subversión” durara dous anos²²⁷, mérito sinalado tamén –hai que recoñecelo– da dirección urbana do levantamento²²⁸ que en ningún sitio combinou mellor, que na Terra de Santiago, a resistencia armada ó “retorno dos falcóns” coa negociación co señor para ver como volver á obediencia xurisdiccional. O que se iniciou modestamente en Noia cos cobres “indebidos” de xaneiro de 1469, interrompeuse –como seguramente tiñan previsto– por mor da batalla de Balmalige, prolongada no fracasado asedio da cidade de Santiago por parte das tropas de Fonseca²²⁹. O acordo de Fonseca cos irmandiños de Compostela, estendeuse logo á todo o arcebispado de Santiago, nas Rías Baixas contra Pedro Madruga²³⁰, nas Rías Altas (Pontedeume, A Coruña)²³¹ contra os Andrade e a confederación nobiliaria de Carboeiro (1471)²³². Entremetres, na banda oriental de Galicia, as novas alianzas irmandiñas posteriores a 1469 tiveron lugar en Ourense e Allariz co Conde de Lemos contra o Conde de Benavente²³³.

225 Así e todo, este rei Henrique mal chamando “o Impotente” está precisado dunha reivindicación historiográfica que arrombe os prexuízos negativos acumulados por causa da súa manifesta homosexualidade, e da marca que deixaron nas crónicas de Henrique IV e os Reis Católicos os intereses políticos dunha nobreza feudal en decadencia na Coroa de Castela.

226 Véxase se non o cruce de cartas entre a Xunta de Betanzos e Don Henrique no traballo citado na nota 223.

227 A acción antifortaleza e antiseñorial de iniciativa popular durou desde a primavera de 1467 á primavera de 1469, sendo determinante no proceso de transición da Idade Media á Idade Moderna que tivo, en Galicia, trazos ben específicos.

228 Véxase a nota 46.

229 *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, pp. 224, 226.

230 Véxanse os episodios de Palmeira e A Lanzada en “Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra”.

231 A alianza no norte de Galicia entre os irmandiños e un reconciliado Fonseca pasa por Alonso de Lanzós, que logo devólveulle o favor a Fonseca participando, preto de Compostela, na batalla de Altamira de 1471.

232 “Revue de los irmandiños. Los gorriones corren tras los halcones”, p. 457.

233 *idem*, p. 458.

Ámbolos dous, Fonseca e Lemos, os maiores señores de Galicia, un pola banda eclesiástica, outro pola banda laica, protagonizan en positivo as novas alianzas político-militares dos irmandiños, que nun contexto certamente defensivo tiveron que volver de novo ó aproveitamento das divisións internas da clase señorial. Novas converxencias que perduraron ata 1472 e implicaron puntualmente a Henrique IV, por exemplo no sostén e defensa de Viveiro, encomendada polo Rei a Pedro Osorio e Diego de Lemos, en xaneiro de 1470, contra Pardo de Cela²³⁴. De todos os xeitos, en ningún outro lugar de Galicia resolveuse tan rápido a restauración señorial²³⁵, ni tan ben para os vasallos retornados ó curral, como no arcebispado de Santiago, o maior señorío feudal do Reino. O que resultou decisivo, xunto coa orientación anti-represiva anunciada publicamente polo Conde de Lemos a Pardo de Cela, para que o final do poder irmandiño non fóra unha "grande desfeita" como deu a entender Vasco de Aponte, criado dos Andrade e admirador de Pedro Madruga²³⁶, e repetiu despois a historiografía tradicional.

Subliñemos xa que logo a precocidade do concello de Noia, mesmo na Terra de Santiago, que, nun xesto puramente formal²³⁷ e aparentemente innecesario²³⁸, fai chegar en xaneiro 1469 a carta dos cobres a Salamanca, catro meses antes da derradeira Xunta irmandiña de Galicia en Ourense, de matiz conservador²³⁹. Decisión táctica impensable en

234 *idem*, p. 457

235 En xullo de 1469 xa tomara posesión Don Alonso de Fonseca da Mitra de Santiago, co permiso do concello e do cabido irmandiños, segundo calcula Antonio López Ferreiro. *Galicia en el último tercio del siglo XV*, p. 51.

236 Véxase *Viva El-Rei! Ensaio medieval*, pp. 137 ss.

237 Temos para nós que Fonseca, en realidade, confirma os alcaldes previamente elixidos polo concello de Noia, distintos dos habituais postos polas familias que viñan controlando os cobres de Noia, a nova situación promove novos líderes

238 Tres meses antes, o 3 de outubro de 1468, informa o Cabido de Santiago: "Por quanto ao presente o señor arcebispo nen seu provisor nin outros ningunos, non estaban en esta cibdad et arceobispado de Santiago et regno de Galicia", *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII p. 255; o concello de Noia podía libremente nomear ós seus alcaldes, e así se viña facendo, sen dúbida, en toda a Terra de Santiago, ao optar a Santa Irmandade –e, por conseguinte, o cabido– por non substituír os señores derrotados e exiliados, fóra ou dentro de Galicia.

239 A quinta e última Xunta de Galicia tivo lugar, cara maio de 1469, en Ourense; o 3 de xuño, Pedro López da Barreira, dirixente conservador da irmandade ourensá, dita sentenza por encargo da Xunta xeral irmandiña, en favor do Mosteiro de Oseira contra os campesinos que se viñan negando a pagar as rendas da barca (véxase a nota 223), proba dos apoios internos á restauración señorial ó final do bienio irmandiño.

Santiago de Compostela, onde a conflictividade con Fonseca sempre fora máis acusada e personalizada. Xa dixemos que non temos noticias de que, en 1467, se chegara a atacar a fortaleza e o pazo arcebispal do Tapal, mentres que os composteláns si asaltan e derrocan a torre da praza e os pazos arcebispais, dentro das murallas urbanas que naturalmente respectaron. O Tapal de Noia, no centro dunha praza interior amurallada, forma parte do sistema defensivo da vila (obra dun arcebispo compostelán, Don Berenguel, polo demais), permanecendo no tempo irmandiño sen función administrativa, xudicial ou fiscal de orde señorial. Aínda que probablemente criados de Fonseca continuaron residindo na vila, o que puido facilitar vías de contacto con Salamanca.

Previamente, Muros e Noia, tampouco amosan a mesma hostilidade contra Fonseca que os composteláns, como se demostra nas capitulacións de decembro de 1466²⁴⁰, que fan referencia preventiva a que Noia e Muros non se poidan poñer da parte do arcebispo Fonseca, que acepta o seu desterro de Galicia –anterior á revolta dos irmandiños– a cambio de manter a súa condición formal de arcebispo e señor da Terra de Santiago. Capitulacións pactadas por Fonseca cos cabaleiros, o cabido e a cidade de Santiago, que saltaron en anacos coa insurrección popular de abril de 1467, salvo na formalidade eclesiástica de continuar sendo Fonseca arcebispo de Santiago, que o concello de Noia aproveita para resucitar, a principios de 1469, a consulta paradoxal e preventiva dos cobres como lle correspondería se fose realmente o señor da vila...

A orientación antiseñorial dos irmandiños tiña, como é ben sabido, carácter xenérico, de clase, non facía distincións individuais e anulou no concreto as xurisdiccións dos señores feudais, incluídos bispos e abades²⁴¹, pero non afectou á xurisdición espiritual²⁴² dos prelados, que seguiron de bispos, vivindo na súa maioría nas súas dioceses, se ben coas


240 Véxase a nota 197.

241 Véxase a nota 239; a excepción son os casos documentados de renovación de foros monacais, contratos agrarios bilaterais de indubidable "modernidade" e menos gravosos que as durísimas rendas feudais en especie, diñeiro e traballo.

242 Na medida en que nas xurisdiccións eclesiásticas medievais pódese diferenciar o temporal do espiritual (véxase a nota 4): a disciplina dos clérigos e os beneficios, cuestión espiritual á vez que temporal, foron causa de conflito entre o cabido irmandiño e Fonseca durante o tempo do seu desterro (véxase a nota 190)

atribucións limitadas polos cabidos, que chegaban a quitar e poñer bispos²⁴³, e condicionadas por unha Santa Irmandade revolucionaria que neutralizara o que tiña de feudal o seu poder temporal²⁴⁴. Con todo, a grande anomalía institucional da Igrexa galega²⁴⁵ en 1467 era Fonseca, que levaba desde 1464 tentando, sen logralo, ser algo máis que o arcebispo confirmado de Santiago.

O futuro Patriarca de Alexandría herdou unha confrontación total da Mitra compostelá cos seus feudatarios e vasallos, iniciada en 1458 polos cabaleiros contra Rodrigo de Luna, e continuada polas tres cidades en irmandade. Sufrindo Fonseca aínda máis que o seu infortunado antecesor a rebelión dos rampantes Moscoso, agora cun apoio se cabe máis maioritario do cabido catedralicio²⁴⁶, interesado en facer fracasar as pretensións de Fonseca de ocupar sobre o terreo o sitio do seu tío, o Fonseca "que se fue a Sevilla"²⁴⁷. Bernal Iáñez de Moscoso prende en 1465 a Fonseca en Noia, cuxo concello e veciños no



Prendemento de Fonseca en Noia, 1465.

243 O cabido de Ourense promove entre os seus membros un novo bispo, ó morrer o 23 de agosto de 1468 o anterior, Alonso López de Valladolid, que trataron de confirmar pola vía arcebispal, respondendo o hábil Fonseca desde Monção, a quen tanto lle gustaba que se recoñecese a súa autoridade desterrada, que non podía facelo por falta de competencias, ofrecendo como alternativa ratificar ó proposto arcediogo de Barocelle, Juan González de Deza, soamente como "vicario sé vacante", quen logo aparece xa como electo e confirmado o 2 de maio de 1469, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, pp. 31-33; véxase tamén a nota 192.

244 De todas as maneiras, no momento de estalar a revolta irmandiña o poder temporal dos bispos estaba en grande parte, igual que o dos mosteiros, en mans da nobreza laica so pretexto de encomenda ou como simple usurpación.

245 A Igrexa galega foi, no seu conxunto, favorable ós irmandiños, "O que sabemos dos irmandiños", p. 372.

246 Non parece que o concello de Santiago participara tan activamente como en 1458-1460, nesta nova liorta de bandos nobiliarios, Fonseca *versus* Moscoso, 1461-1466, pero coadjuvará na celebrada rendición dos fonsecanos encastelados na Catedral en decembro de 1466 e a subseguinte expulsión de Fonseca do arcebispado e reino de Galicia (véxase o documento da nota 197); os composteláns aproveitaron pouco despois a desunión dos señores para atacar as fortalezas de uns e outros; tres anos despois, se inverten as alianzas pre-irmandiñas cos cabaleiros por outras máis permanentes con Fonseca e sucesores.

247 O proverbio español "el que fue a Sevilla, perdió su silla", ten orixe, segundo una estendida tradición, no intercambio de cadeiras arcebispais entre o tío e o sobriño dos Fonseca na década dos 60 do século XV; a súa interpretación literal (contra o que se entende hoxe en día) sería que o Fonseca sobriño, nomeado polo Papa –sen acordo do cabido, lembremos que apoiaba a Luis Osorio– arcebispo de Santiago en 1460, deixa que o seu veterano tío –cuxo lugar ocupa momentaneamente en Sevilla– tome posesión polas armas en Compostela, non sendo despois capaz de facelo por el mesmo en 1464 cando volve de Sevilla.

aparecen nos relatos deste feito²⁴⁸. Entrou Moscoso pola noite con 600 peóns e 20 dacobalo, atopouno na cama “et o tevo preso dous anos, pouco mais”²⁴⁹, fóra de Noia (que non debía ser segura para o Moscoso), na fortalezas de Altamira, Vimianzo e outros lugares. Prendido Fonseca, Bernal asedia en xullo de 1466 durante cinco meses a Catedral, ocupada polos fonsecanos, onde morre dun tiro de besta Don Bernal. Resultado finalmente como dixemos unha tregua²⁵⁰, entre ambos bandos señoriais, pola cal se impón o desterro do arcebispo Fonseca de Galicia, para o cal é liberado da cadea, non podendo volver a Santiago ata que o decidan os catro cabaleiros rebeldes mailo concello de Santiago²⁵¹. O 28 de marzo de 1467, en vésperas da fase insurreccional, Fonseca consta aínda en Redondela, que era do bispado de Tui²⁵², sen decidirse a marchar de Galicia, como se acordara nas capitulacións entre os seus representantes e a coalición dos cabaleiros coa a cidade e o cabido de Santiago, soamente se decidirá cando estoupa ó levantamento contra as fortalezas.

Dous anos despois, a acción dos concellos da terra de Santiago –e probablemente doutras instancias irmandiñas– asume un inevitable carácter defensivo, desde o momento que empezan a chegar novas dos preparativos militares coordinados²⁵³ dos señores exi-

248 Nin o contemporáneo Rui Vasquez, nin no nobiliario de Vasco de Aponte ou o preto Tabera-Fonseca, Noia aparece máis que como un escenario dos feitos, ocupado por Fonseca con “doscientos de a cavallo”, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* p. 176; temos para nós que Noia estivo nos anos previos a grande irmandade agardado, sen entremeterse demasiado, por un desenlace que lle puidera favorecer dunha maneira ou doutra, por moito que os Moscoso puidera ter alí algúns potenciais partidarios (véxase a nota 293).

249 *Crónica de Santa María de Iria*, p. 46; Juan Melgarejo precisa que o tivo “de mazmorra en mazmorra veinte y ocho meses”, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 290, 459.

250 As capitulacións asináronse seguramente a finais decembro de 1466, estando aínda preso Fonseca, pois se fala no documento “deste presente anno de sesenta e seys”, rematados os cinco meses de asedio da catedral iniciado en xullo, *Rocha Forte, el castillo y su historia*, p. 105.

251 *Rocha Forte, el castillo y su historia*, p. 103.

252 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, pp. 249-255.

253 Houbo de seguro un acordo xeral sobre cando atacar simultaneamente a irmandade en toda Galicia, e logo outro máis restrinxido para xuntarse un día determinado preto de Santiago a fin de cercar a cidade, por iniciativa seica de Pedro Madruga (segundo Aponte, que esaxera cando fai de Don Pedro o artífice da “derrota” irmandiña), que envía sendas cartas desde Portugal a Fonseca e Pimentel; os tres “atopáronse” en Balmalige con 10.000 irmandiños dirixidos por Pedro Osorio, que non puido esperar polos reforzos en camiño, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, pp. 222-223; a centralidade de Santiago de Compostela na Galicia ir-

liados en Castela (Fonseca e Pimentel), León (Conde de Lemos) e Portugal (Pedro Madruga). Á vista dos feitos posteriores, a estratexia irmandiña semella responder a dúas ideas forza:

1. Opoñerse polas armas (primeiro, no campo aberto; despois, nas cidades fortificadas²⁵⁴) a calquera restauración señorial violenta, polo que podía supoñer de represión, vinganzas, pago de indemnizacións e reconstrucción forzada de fortalezas, agravamento da presión feudal e incremento dos secuestros, roubos e violacións que motivaran en primeira instancia ó levantamento en 1467.
2. Negociar alternativamente, se a conxuntura o fixese viable, as mellores condicións para unha volta ó curro señorial, moi disputado entre os novos e os vellos señores, aproveitándose os irmandiños de cada vila ou xurisdicción da anarquía nobiliaria, que eles, e todos, sabían de antemán retornaría ó Reino de Galicia unha vez desbaratada a paz irmandiña.

Igual que o ruído das lanzas chegou con toda probabilidade en xaneiro do 69 á ría de Muros-Noia, arribou de seguro a boa disposición do arcebispo no exilio para chegar ser un benéfico señor. O singular envío do sobre lacrado dos cobres a Salamanca sería, desde xeito, unha resposta simbólica do concello de Noia a unha predisposición favorable, así como unha maneira de contrarrestar os sempre temidos preparativos de guerra. Fonseca tería tamén, a tenor dos feitos posteriores, un plan A (violento) e un plan B (pacífico) para asentarse dunha vez en Compostela, cinco anos despois do seu nomeamento, dous deles nos calabozos de Bernal Iáñez de Moscoso.

O plan alternativo debía estar xa que logo maduro por ambas partes²⁵⁵ –polo visto, capaces de pensar con dúas ideas á vez na cabeza– para que se levara a cabo nun prazo

mandiña resulta de novo recoñecida por este exército centro occidental da reacción señorial simétrico ó que, conforme dixemos, organizaran as vilas e terras do arcebispado en 1467.

254 Con menos éxito, loxicamente, nas batallas campais (A Framela, Balmalige, Condián) que ante as murallas urbanas, que serviron a maiores de baluarte para as xurisdiccións rurais; ningunha cidade ou vila irmandiña foi tomada polas armas en 1469, unhas seguiron en mans das irmandade locais, noutras pactouse cuns cabaleiros contra outros, a maioría delas concertaron antes ou despois o retorno do señor nas condicións que puideron.

255 Ademais do caso de Noia, é salientable a dobre disposición de Pontevedra (incursa tamén, con Muros e Noia, nas capitulacións de finais de 1466 como sospeitosa de apoiar a Fonseca) que amosa, segundo veremos

tan breve: no mes de xullo²⁵⁶ de 1469 Fonseca estaba xa dentro do Santiago amurallado, desde onde tentará, xunto cos seus novos aliados, a recuperación armada da Terra de Santiago, na meirande parte nas mans dos cabaleiros. Logo da victoria confederal de Balmalige, Fonseca ficou en solitario no cerco de Santiago, mentres que os Soutomaior, Moscoso, Andrade, Ulloa, etc., dedicáronse a recobrar "quanto tenían perdido y les tenía tomado los villanos revelados"²⁵⁷, incluídas a xurisdicións da Igrexa de Santiago, que gozaran noutrora en feudo, o que sempre se prestou a certa ambigüidade. O coñecemento desta situación na Compostela cercada, no campamento de Fonseca pero tamén na cidade, tivo que madurar as condicións para o pacto de 1469: obrigando as circunstancias a que Fonseca –quen fora ferido neste asedio polos irmandiños pechados en Compostela– aceptará a non reconstrucción das fortalezas derrubadas²⁵⁸ como a única forma de recobrar un señorío arcebispal, que xa non era como o exerceran os seus predecesores: sen castelos opresores nin cabalería feudal, a Terra de Santiago devén, no terceiro tercio do século XV, nunha relación social se cadra máis próxima²⁵⁹ do Antigo Réxime que do feudalismo medieval.

Os feitos militares da acelerada primavera de 1469 terminan por convencer as vilas e terras irmandiñas da Igrexa de Santiago de que o errante arcebispo Alonso de Fonseca podía ser un mal menor fronte a opción dos seus aliados pre-irmandiños, Moscoso e de-

(cita da nota 265), unha actitude conciliadora ante as tropas de Fonseca, pouco despois de ter recibido con grande hostilidade a Pedro Madruga e o seu exército, "Os irmandiños de Galicia. A revolta en Pontevedra", pp. 59 ss; temos para nós que no mesmo centro neurálxico da Terra de Santiago tiñan que ter falado algo, entre eles e coas outras vilas, sobre esta posibilidade alternativa, condicionada polas concesións que fixera Fonseca, vista a velocidade con que as cidades da Terra de Santiago cambiaron a guerra pola paz.

256 *Galicia en el último tercio del siglo XV*, p. 51; *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, p. 261.

257 *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, pp. 222-223.

258 Non debemos esquecer que o derrubamento das fortalezas xa fora aprobado por Henrique IV dous anos antes, a non reedificación facilitaba por tanto as relacións de Fonseca coa monarquía triunfante na guerra civil 1465-1468, que tamén impuxo as súas condicións á reconciliación de Fonseca cos seus vasallos: El-Rei seguiría cobrando directamente as rendas reais de todo o arcebisado, como cando estaba no poder a Santa Irmandade, así foi mentres viviu Don Henrique (véxase a nota 295).

259 De todos os xeitos, a Igrexa de Santiago sufrirá (no tempo dos Fonseca sobre todo) moita conflictividade social e a acción correctora do novo Estado monárquico para poder falar dunha modernización das súas estruturas sociais e políticas.

mais cabaleiros feudatarios (que a xente coñecía moito mellor que ó exiliado Fonseca), cuxas fortalezas foran así mesmo destruídas pola furia irmandiña, o que facía difícil, doutra banda, calquera intento²⁶⁰ de recompoñer de forma estable as alianzas urbano-cabaleirescas anteriores á Galicia irmandiña. A condición eclesiástica de Fonseca²⁶¹ puido incitar a esperanza nun acordo positivo para os ex-vasallos, o que pasaba por impedir antes a súa toma polas armas de Santiago de Compostela, eixe da Terra de Santiago e centro político militar do reino de Galicia²⁶².

A longa e acusada tradición de revolta dos burgueses e artesáns de Santiago, iniciada no século XII, contra a Mitra arcebispal contribúe á entender o porque da unidade de acción irmandiña das cidades e vilas do arcebisado ao redor de Compostela. Malia a súa relación comparativamente menos conflictiva coa Igrexa compostelá, Noia e Muros seguiron a Santiago coas súas milicias contra os señores arcebispos, en 1458 e 1467, nada farían por conseguinte contra o que decidise Compostela no momento final da grande revolución, agardaron pois de maneira leal, pero activa²⁶³, o que se acordase en Santiago nos planos militar e político. A cidade de Pontevedra, que tiña unha tradición de revolta de seu ("revolta dos portos" de 1451), está menos afeita a seguir sen máis o que pasase en Compostela, como se viu en 1458, acollendo ó arcebispo Luna expulsado da capital e retardando un ano o ingreso dos pontevedreses na irmandade de Santiago, Muros e Noia.

260 O caso do control indirecto de Muros e Noia, entre 1474 e 1476, por parte de Conde de Altamira, que analizaremos máis adiante.

261 Xa dixemos que Fonseca foi, ata 1469, unha excepción entre os señores eclesiásticos, no tocante a súa relación coa Santa Irmandade, como grande señor feudal de Santiago vestía armadura para ir a guerra (véxase a nota 126) e participaba en asaltos a castelos como relataría marabillado unha testemuña visual da segunda toma do castelo de Outes (véxase a cita da nota 123); o sentido profundo do pacto de 1469 é, polo tanto, facer volver á arcebisado ás prácticas moderadas que lle son propias ó señorío eclesiástico en Galicia, se comparamos coa agresiva nobreza trastámara.

262 Véxase a nota 253.

263 Damos por seguro que, igual que houbo xente da ría de Muros-Noia nos asaltos á Rocha Forte de 1459 e 1467, participarían tamén milicianos irmandiños dos portos de Compostela nas tropas que dirixiron na primavera de 1469 (un pouco deslabazadamente, todo hai que dicilo) os capitáns Pedro Osorio, Alonso de Lanzós e Diego de Lemos en defensa de Santiago e do reino irmandiño de Galicia.

Non obstante, Pontevedra apoiou claramente, en 1469, que a decisión de seguir loitando e/ou pactar se tomase finalmente na capital da arquidiocese²⁶⁴: “cercara [Fonseca, nalgún momento despois de Balmalige] la villa de Pontevedra y los de la dicha villa le respondieron que se fuese a Santiago que hera cabeza e que si alli le obedeciesen que asiarían ellos”²⁶⁵. Vasco de Aponte conta, desde o seu punto de vista pro-señorial, como despois do pacto de Fonseca con Santiago pasou que “obedeziéndole esta çiudad todas las otras villas y tierras de su estado le obedecieron”²⁶⁶. Meritoria unidade de acción e lealdade na revolta, sempre difícil na fase descendente das revolucións, e máis aínda habendo terceiros en xogo que gustarían de influír nas propias vilas e cidades, o que lograrán máis tarde de xeito temporal nas vilas do arcebispado, pero non en Santiago.

A rápida negociación final entre irmandiños e Fonseca deulle a razón, en resume, aos madrugadores alcaldes e rexedores de Noia que, sen poder saber se tal cousa valería no futuro para algo, recoñeceron a autoridade simbólica dun exiliado Fonseca cando ningún o quería na Terra de Santiago como señor. O acordo das cidades con Fonseca no verán de 1469 estivo activo na ría, ata 1476, contra o bando dos Moscoso que, como ben receaban previamente os concellos e o propio arcebispo, lograran o control indirecto das urbes e directo do rural reconstruíndo o castelo de Outes. Reimplantado Fonseca en 1476 no poder xurisdiccional, proseguiran os veciños de Noia e Muros a acostumada relación conflictiva entre señores e vasallos como estudiaremos deseguido, mantendo a Mitra fonsencana, eso si, o pacto de 1469 no tocante á satánica fortaleza de Outes nas mans usurpadoras dos Mariño de Lobeira²⁶⁷, aliados de Lope Sánchez de Moscoso, ata que os veciños e Fonseca, en persoa, logran tomalo e derribalo definitivamente entre os anos 1477 e 1481²⁶⁸.

264 Sabían ben os seguidores de Santiago nas diferentes vilas e terras, que os rebeldes composteláns non ían aceptar a Fonseca como señor, sen importantes contrapartidas para a cidade e o conxunto do arcebispado.

265 *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 397.

266 *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 226.

267 Un Juan Mariño de Lobeira, en posición contraria á de Sancha Mariño de Lobeira, actuará asemade como fiel servidor do arcebispo defendendo os restos da fortaleza de Vimianzo (onde o arcebispo estivera preso), fronte ós cabaleiros e xente de armas dos Moscoso, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, pp. 183, 187.

268 Véxase a nota 121.

Logo de instalado no cargo en 1476, e superada a transitoria ocupación de Noia e Muros polo Conde de Altamira, en alianza co bando nobiliario de Diego de Muros, a elección dos alcaldes volve a ser de novo conflictiva –como veremos– con Fonseca para regularizarse máis tarde, nos anos 1480-1483. En 1480 retornan ao poder municipal as seis familias propietarias dos cobres de antes da revolta irmandiña. En 1483, ó título é emitido –agora si– polo “provisor oficial” do “reberendisimo señor don Alfonsso de Fonseca pola miseracion dibina arcebispo del dicho arzobispado: fago saver a vos el conçejo...”; cunha pompa de magnificiencia no estilo da que estaba exento o austero título dos tempos irmandiños que, por el contrario, empezaba así: “Nos, el arzobispo de Santiago, facemos saber a vos el conçejo...”, rematando cunha sinatura contundente²⁶⁹: “Arzebisopus conpostellay”²⁷⁰. Distínguense tamén pola data, 6 de xaneiro para 1483 e 26 de xaneiro para 1469, respectivamente; no segundo caso, os concelleiros tiveron de seguro que pensalo, tal vez consultalo, Salamanca ficaba ademais lonxe de Noia. As datas das xuntanzas do concello non varían en todos os cobres conservados: o 1 de xaneiro de cada ano. Vese que os concellos conservaban o ritual, independentemente da situación social, política e militar de cada momento, que tan ben sabían manexar.

O señorío de Fonseca sobre Santiago e a súa terra, mercé a alianza de comenencia cos populares ex-irmandiños, durou ata finais dos anos 70. Nos anos 80, entra en escena a outra parte da pinza que aperta ós señores feudais nas portas de modernidade, o novo Estado monárquico²⁷¹, que pula outra vez o autonomismo das vilas e dos vasallos. En 1480, fúndase a Audiencia de Galicia e o gobernador plenipotenciario dos Reis Católicos, Fernando de Acuña, esixe o control directo das fortalezas do arcebispo, especialmente en Santiago²⁷², fóra das cidades moitas delas seguían a ser centro simbólico e administrativo

269 Sinatura directa da que se podía dicir aquilo de “dime do que presumes e direiche do que careces”, dado o carácter etéreo do título arcebispal de Fonseca durante a revolta irmandiña.

270 “1586. Los vecinos y cobrados de la villa de Noya”, pp. 648, 650.

271 O pacto de 1469 entre vasallos e señor na Terra de Santiago resolvía malamente o problema de quen exercía a administración da xustiza, e por tanto controlaba o poder político, militar e da facenda sobre as persoas, no señorío xurisdiccional máis extenso de Galicia.

272 Como veremos logo o problema era a catedral mailas torres de Santiago, pois as vellas e grandes fortalezas como a Rocha Forte e a Rocha Branca xa non existían; Fonseca non tiña como algúns cabaleiros castelos “novamente feitos”, agás o Pico Sacro cuxa improvisada reedificación foi pactada cos veciños para defender as terras do Conde de Altamira

de xurisdiccións, independentemente do seu estado físico. Fonseca resístese de entrada a deixarlle ós novos representantes públicos o que tanto lle custara gañar. Fernando de Acuña chamou de seguido ós cabaleiros, vellos inimigos do noso arcebispo, para cercar –unha vez máis– a cidade de Santiago, pero todo ficou en ameaza: Fonseca cedeu²⁷³ e negociou axiña co novo poder²⁷⁴ a fin de salvar o que puidera do seu. A raíña Isabel dirixe, en 1482, unha carta ao gobernador Acuña onde queda claro que os restos das fortalezas compostelás (entre elas o derruído castelo de Outes) coas súas xurisdiccións (que era o importante), seguirían nas mans de Fonseca, menos a Catedral e a Torre da Praza²⁷⁵ que –diciu a Raíña– “don Fernando, tenedes por mi mandado”²⁷⁶. Antes diso, os Reis Católicos ordenan a Fonseca ir onda eles e noméano (25 febreiro de 1481) Presidente do Consello Real das SS. MM., polo que tiña que vivir na Corte²⁷⁷, o que aproveitan os concellos para se rexer pola súa propia autoridade²⁷⁸, e todos os vasalos para cuestionar rendas e xurisdicción, coa axuda interesada das novas autoridades que representaban agora de xeito directo e permanente a El-Rei en Galicia.

En 1490, lemos nunha sentenza²⁷⁹ da Audiencia de Galicia que o concello de Santiago levaba varios anos –desde 1484– mandándolle os cobres a Fonseca, quen se viña ne-

273 *Galicia en el último tercio del siglo XV*, pp. 96-97

274 Fonseca non podía tirar pedras contra o seu propio tellado, viña de prestarlle á nova monarquía grandes servizos na guerra de sucesión (1476-1479) pola Coroa de Castela, encabezando no reino de Galicia o partido dos Reis Católicos contra o bando portugués liderado por Pedro Álvarez de Soutomaior; o que lle permitira facerse de verdade coa Mitra e a Terra de Compostela, despois dunha ducia de anos de prisións, desterros e outras perturbacións, que o pacto de 1469 no resolvera plenamente.

275 A Torre da Praza, principal fortaleza do sistema defensivo de Santiago, xa quedara nas mans do concello nas capitulacións de 1466 entre o prisioneiro Fonseca e a coalición dos cabaleiros e a cidade, *Rocha Forte, el castillo y su historia*, p. 103.

276 *Galicia en el último tercio del siglo XV*, p. 98

277 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, pp. 304-305; o método preferido polos Reis Católicos para resolver o problema da inadecuación ós tempos modernos dos señores feudais galegos foi ofrecerlle un exilio dourado na Corte de Castela, o que foi máis doado de entender por eles logo do axustizamento de Pardo de Cela en 1483.

278 O máis madrugador foi o concello de Noia, que encetou o conflito con Fonseca en 1476 (cando pasa dos Moscoso á Igrexa de Santiago) polo nomeamento de alcaldes, rendas e xurisdicción; véxase a nota 306.

279 *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, pp. 571-572.

gando ano tras ano a proceder á elección dos alcaldes²⁸⁰, argumentando que a administración da xustiza en Compostela correspondía ao seu alcalde maior no arcebispado –cargo novo que viña a substituír ó vello pertegueiro maior dos cabaleiros– non ao concello. Unha vez presuntamente consolidado, Fonseca quebranta a tradicional autonomía das cidades da Terra de Santiago. O concello de Santiago, igual seguramente que as restantes urbes compostelás, funciona certamente neses anos de forma autónoma, sen chegar á situación irmandiña, pero –como Noia en 1469– viríalle ben certa lexitimidade, polo que, ante a oposición do arcebispo, solicita e obtén da Audiencia a confirmación formal dos cobrados. Non é de estrañar que ao fronte desta querela gañada contra o vello Fonseca, ante o tribunal superior de Galicia, estean Juan Domínguez de Liñares e Juan Vinagre²⁸¹, cambiadores e rexedores do concello que foran os dirixentes máis importantes da revolta irmandiña en Compostela, negociadores seguros do grande e beneficioso acordo entre a cidade cercada e Fonseca en 1469. A Santa Irmandade seguíalle gañando batallas ó arcebispo guerreiro vinte e tres anos despois²⁸².

O último dos títulos vellos de alcaldes que o concello de Noia presenta no preito de 1586 ante o novo señor²⁸³, o xenovés Baltasar de Lomelín²⁸⁴, é de 1483, despois diso as vilas da ría de Muros-Noia –que xa cuestionan a relación con Fonseca en 1476– teñen o mesmo problema que Santiago. Despois de 1484, Fonseca denega pois a autonomía das cidades arcebispaís, parte principal dos “usos e costumes” que xurara respectar ó facerse cargo en 1469 do señorío de Santiago, o que favorece de rebote una nova fase nos anos 80 de autogoberno urbano²⁸⁵. Conforme desaparece da escena política de Galicia a ca-

280 Visto de adiante para atrás, está clara a importancia nas mentalidades colectivas da época (na medida en que se difundira o xesto) da aceptación dos cobres irmandiños a Noia por parte de Fonseca, cuxa situación como señor de Santiago e a súa terra era, por outro lado, moito máis desesperada en 1469 que nos anos 80

281 *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, p. 571.

282 A supervivencia de Liñares e Vinagre durante tantos anos nos cargos municipais –certamente, vitalicios– que xa tiñan en 1467, e o seu espírito de loita dúas décadas despois, é un indicativo máis da mentalidade de victoria irmandiña que terá un reflexo maioritario nas declaracións orais do preito Tabera-Fonseca, cara 1526-1527.

283 Véxase a nota 182.

284 *400 anos na historia da vila de Noia*, pp. 53 ss.

285 Así mesmo provocada polas arelas de liberdade dunhas vilas periféricas que, com ocase sempre, seguían a Compostela, onde as xustizas do concello desobedecían as xustizas do arcebispo, segundo este se queixa, de seguro que con razón.

balería feudal, Fonseca ten que afrontar unha nova alianza –que recorda a dos irmandiños con Henrique IV– dos seus vasallos coa activa autoridade monárquica do momento, sufrindo outra derrota, máis doce que as anteriores, en forma de exilio cortesán²⁸⁶. O 17 de marzo de 1493 os Reis Católicos emprazan de novo a Fonseca para que “salga dese Reyno y venga a nos”²⁸⁷, como xa amagara Acuña, en 1480, e lograran os Reis por un tempo, en 1481, nomeándoo Presidente do Consello Real²⁸⁸. O 15 de xullo de 1494 a Chancelería de Valladolid confirma definitivamente a sentenza de 1490 da Audiencia de Galicia, contra a que apelará Fonseca argumentando que non era competencia da Audiencia entrometerse, pois só “él era el señor de Santiago”, de forma que as restantes xustizas tiñan que subordinarse a súa autoridade suprema²⁸⁹. Fonseca non aceptaba, en suma, a autoridade dos Reis en Santiago e a súa terra, e o mesmo pasou con outros cabaleiros e grandes señores de Galicia, a partida foi finalmente gañada polo Estado, resultando favorecidas en diversa forma e medida a burguesía, a fidalguía e as clases populares. Pero volvamos de novo atrás para ver, con máis detalle, como se chegou ata esta situación de illamento de Fonseca na Galicia dos Reis Católicos, a pesar do seu papel decisivo á cabeza do partido de Castela e Aragón na guerra de sucesión peninsular 1476-1479.

286 Véxase a nota 277.

287 José GARCÍA ORO, María José PORTELA SILVA, *Os Fonseca na Galicia do Renacemento Da guerra ó mecenado*, Noia, 2000, p. 310.

288 Véxanse as notas 273, 277.

289 *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, p. 572.

7

DESPOIS DA REVOLTA

Dúas décadas antes de perder o noso arcebispo, fronte aos rexedores que foran clave na Santa Irmandade de 1467, os preitos sobre o control da xustiza en Compostela, Fonseca e as cidades do seu señorío necesitábanse mutuamente para sobrevivir á anovada agresividade cabaleiresca pos-irmandiña. Os Moscoso, facendo realidade a premonición dos concelleiros noieses a comezos de 1469, mandan na ría de Noia e Muros²⁹⁰ durante os anos 1474-1476²⁹¹, por intermedio do bispo de Tui, Diego de Muros²⁹², e os seus familiares Guillelmes e Prego²⁹³, fidalgos e rexedores de influencia no concello de Noia, minguada certamente no tempo irmandiño, segundo inferimos dos cobres de 1469, onde desaparece o incombustible Vasco Guillelmes²⁹⁴ da lista de alcaldes re-nomeados por Fonseca desde Salamanca. A demanda do concello irmandiño que, logo de dous anos de revolución, teimaba que –de ter volver á vasalaxe– poida que fora mellor recibir ó arcebispo Fonseca, con quen non tiveran problemas particulares (tampouco chegara a gover-

290 As testemuñas do preito T-F declaran que o conde de Altamira tivo Noia e Muros algúns anos, situación que remata cara 1476, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 329, 381, 561; *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, p. 281.

291 Entre 1469 e 1474, Noia e Muros militaron con Santiago (co apoio de El-Rei, como veremos na nota 295) no bando arcebispal-urbano contra a confederación dos cabaleiros; despois da desaparición do rei Don Henrique, o bispo de Tui aparece unhas veces con Fonseca e outras co conde de Camiña (*Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 192), ata que cae preso polos portugueses por uns sermóns en defensa dos Reis Católicos, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, p. 74; en 1482, xa libre da cadea e derrotado o conde de Camiña, Fernando de Acuña restitúe o bispado de Tui a Diego de Muros, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 251.

292 Como bo señor feudal (movíase sempre cun pequeno exército, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 25), Diego de Muros o que fixo, logo de que “tomara y se aseñoreara de la villa de Noia”, é construír unha “torre a manera de fuerza sobre la puerta de la villa”, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 329, 381 (véxase a nota 308); por outra banda, os intereses de Don Diego sobre a vila de Muros son anteriores á revolta irmandiña, tivo para iso o sostén real: en 1465, Henrique IV lle concede 30 000 maravedís sobre as alcabalas de Muros, por razón do seu cargo como predicador e mestre de capela de El-Rei, Ramón ARTAZA, *Muros. Páginas de la historia*, A Coruña, 1950, pp. 91-92.

293 Vasco Guillelmes estaba casado cunha irmá de Diego de Muros, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, p. 116; Ramón ARTAZA, *Muros. Páginas de la historia*, A Coruña, 1950, pp. 76-79; José GARCÍA ORO, *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV*, Vigo, 1976, pp. 22-23.

294 A ausencia de Vasco de Guillelmes dos cobres de 1469 é moi significativa (tamén interesaba a Fonseca); fora elixido alcalde en 1465 reaparecendo como tal na Noia pos-irmandiña, en 1480, *Páxinas históricas de Noia*, pp. 128-129.

nar, todo hai que dicilo), antes que aturar aos terribles Moscoso. Aos que non obstante terá que adaptarse o concello máis tarde (previa restauración da súa composición oligárquica tradicional), cando o Conde de Altamira, por medio de García Martínez e Sancha de Lobeira, domina a ría de Muros-Noia desde a fortaleza de Outes, deixando facer en Noia ao bando local dos familiares do bispo tudense, orixinario da vila de Muros, onde a súa familia está así mesmo presente en posicións de poder.

Nos primeiros anos da década dos anos 70, a batalla entre Fonseca –cos seus concellos urbanos aliados– e os cabaleiros que foran os seus feudatarios, terá con todo por obxecto predilecto as xurisdicións rurais, dito doutro xeito: o control dos restos das fortalezas –máis ou menos fornecidas– que podían seguir servindo como “cabeza de merindade” e referencia do poder feudal en cada zona. Cando morre en 1474 Henrique IV, rexio protector dos concellos irmandiños, non tanto de Fonseca²⁹⁵, empeza unha guerra civil, entre Afonso V de Portugal e Isabel a Católica pola coroa de Castela, que os cabaleiros aproveitan axiña para, con maior atrevemento se cabe, procurar controlar as cidades e vilas da Terra de Santiago. Nese tempo Fonseca consegue do Papa, en 1475, censuras eclesias-ticas contra Lope Sánchez de Moscoso, Sueiro Gómez de Soutomaior e Pedro Madruga que tiñan –acusa– usurpadas as cidades de Pontevedra e Padrón, Noia e Muros (estas da maneira devandita, en alianza coa nobreza urbana) e outras vilas da Igrexa de Santiago²⁹⁶, salvo Compostela de sempre indomable e mirando polo seu.

295 Henrique IV revocara, antes de morrer en 1474, a concesión de 150.000 mrs. a Pedro Madruga –tamén inimigo de Fonseca– situada sobre as alcabalas de Pontevedra, Vigo e Redondela (que foron reconquistadas por Fonseca catro anos despois, gobernando os Reis Católicos, véxase a nota 299), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, pp. 277, 281; por contra, entre 1469 e 1474, sigue a funcionar a alianza anti-arcebispaal entre El-Rei dos irmandiños e “la çibdade de Santiago y de las villas de Noya e Muro y Pontevedra e de las otras villas y lugares y tierras llanas del arzobispado de Santiago”, no tocante ó cobro de alcabalas e outras rendas do Rei que os concellos e lugares pagaban directamente a Fernando Pareja, adiantado de Henrique IV no reino de Galicia, como consecuencia tamén do grande pacto de 1469, desde xeito bendicido polo Rei en interese propio; sabemos desta anomalía, porque unha vez Fonseca levanta a bandeira de Isabel e Fernando, estes ordenan o 14 de setembro de 1476 que o arcebispo pase a cobrar por fin directamente ditas rendas, como era habitual nos señoríos solariegos, un paso máis para a súa reposición como señor de Santiago e a súa terra, *Os reis e Noia*, pp. 19-22; en suma, Fonseca terá que esperar ós Reis Católicos para ter o apoio da monarquía que non tivo con Henrique IV, nin antes nin despois da grande irmandade consentida por Don Henrique e combatida por Fonseca.

296 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, p. 261.

Este novo xiro²⁹⁷ político de Fonseca tomando partido, antes que ninguén, polos Reis Católicos²⁹⁸ contra Pedro Madruga e o bando portugués, obriga ós cabaleiros da Terra de Santiago a ir cedendo, de 1476 en diante, as vilas ocupadas ó arcebispo²⁹⁹. Non será fácil, pola dubidosa lealdade dos cabaleiros de Santiago ó partido isabelino liderado xustamente en Galicia polo seu grande inimigo Fonseca. Os Reis Católicos esixen, por exemplo, en abril de 1476, a Lopo Sánchez de Moscoso que restituía a Fonseca a vila de Padrón, que controlaba directamente³⁰⁰. Ante a súa teimosía reiteran, o 15 de decembro de 1476, o mandado real por partida dobre, enviando cartas ó Conde de Monterrei, aliado de Fonseca na causa da raíña Isabel, e doutra banda ao corrixidor Arias del Río, tanto no relativo a Padrón como a Muros, Noia e outras vilas³⁰¹. As vilas da ría de Muros-Noia levaban xa medio ano retornadas formalmente ao señorío de Fonseca, pero non era así no concreto, mantiñanse en situación de rebeldía –cando menos Noia– por causa das dereitu-ras feudais, co apoio interesado agora dos familiares de Diego de Muros. As habilidades políticas dos cidadáns, tanto plebeos como fidalgos, para aproveitarse de cada conxuntura non estaban desde logo por debaixo das exhibidas por Fonseca, e algún que outro nobre laico: incluían a capacidade de cadrar o conflito coa concertación, as armas coas negociacións, así como soste os grupos de poder local conforme interesaba en cada intre.

297 Sumado ó xiro histórico que tivo lugar en 1469 co fin de poñer do seu lado ós irmandiños, anunciado nos cobres de Noia mesmo antes da batalla de Balmalige, a recuperación plena –relativamente– do apoio real por parte de Fonseca cos Reis Católicos explica o florecemento da Igrexa de Santiago no fin da Idade Media, que atravesará toda a Idade Moderna e tan mal soubo comprender e agradecer o antiñonsecano, antiirmandiño e absentista arcebispo Juan de Tabera en 1526.

298 En consecuencia Fonseca acepta, a diferenza do Conde de Altamira e restantes cabaleiros da Terra de Santiago, a nova “Hermandad” de 1476 “desde el Miño hasta el mar, que fue facer al Rey y a la Reyna señores de aquel Reyno” (asegura Zurita), *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, Señorío y Nobleza*, p. 138.

299 Os cabaleiros usurpadores tamén eran en teoría do partido dos Reis de Castela e Aragón, salvo no caso de Pontevedra e as vilas do sur, onde se xuntaba o problema político coa disputa señorial: os seus ocupantes e defensores, pro-Portugal, dirixidos por Pedro Madruga, sufrirán varios cercos e asaltos non volviendo ata 1478 á xurisdicción da Igrexa de Santiago, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, pp. 229-236.

300 Cómpre lembrar que, nove anos antes, sendo mozo Lopo Sánchez de Moscoso, andaba por Padrón de flamante capitán irmandiño axudando ós vasalos a derrocaren os castelos de Fonseca, véxase a nota 107.

301 *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VII, p. 281.

Mentres os Muros, Guillelmes e Prego aseguran nas urbes –canto menos, entre 1474 e 1476– a política de Moscoso, os Mariño de Lobeira, desprazados das urbes, facían o mesmo –durante máis tempo³⁰²– nas terras que había entre as dúas beiras da ría furtando e reconstruíndo, para tal fin, a fortaleza de Outes³⁰³. Este castelo roqueiro foi o derradeiro símbolo de poder feudal na ría de Muros-Noia, problema que non se resolveu definitivamente ata una década despois da grande revolta, co propio arcebispo de Santiago entre os asaltantes, ao xeito irmandiño, como farán así mesmo, a principios dos anos 80, Acuña e Chinchilla botando abaixo outras 46 fortalezas “novamente feitas” polos señores, segundo o relato de Fernando de Pulgar na súa crónica dos Reis Católicos³⁰⁴. A retomada conflictividade social entre un Fonseca reinstalado no poder en Galicia, cara 1476, coa axuda de Isabel e Fernando, e os seus vasallos urbanos e rurais na Terra de Santiago, non afectará, cómpre repetilo, ó pacto histórico de 1469 de non reedificar as fortalezas derrubadas polos irmandiños, todo o contrario, incluso se derruban as reconstruídas³⁰⁵.

Dúas cartas reais, do 21 de xuño e 2 de xullo de 1476³⁰⁶, dan conta do conflito, mencionado *supra*³⁰⁷, entre os veciños de Noia e Fonseca, no preciso momento en que tenta recobrar ó señorío da vila co auxilio dos Reis; preito social que supón a sinal de partida de unha nova fase de conflictividade na Terra de Santiago. O desacordo xiraba ó redor de

302 A toma de Outes polo home de Sancha Mariño de Lobeira é anterior a 1474, na primeira fase por tanto da loita pos-irmandiña polas xurisdiccións rurais; a reconquista por parte dos veciños co apoio de Fonseca é posterior a 1476 (véxase a nota 121).

303 As diferenzas de talante e medios utilizados entre Diego de Muros e os Mariños de Lobeira, segundo o tipo de intermediarios (oligarquía vilega / nobreza rural, Diego de Muros / García Martínez), explica a maior virulencia da acción de control desde o castelo de Outes.

304 Fernando de PULGAR, *Crónica de los Reyes Católicos* (Juan MATA CARRIAZO, edit.), Madrid, 1943, p. 433.

305 Coas excepcións circunstanciais acordadas cos vasallos, como a mencionada do castelo do Monte Sacro (Boqueixón), “necesario” para combater a fortaleza de Cira en mans de García Martínez de Barbeira en nome de Moscoso.

306 Archivo de Simancas, Registro General del Sello, VI-1476, fol. 453; VII-1476, fol. 529-530; neste preito os Reis esixen especialmente que se garden as formas do procedemento (non é algo gratuito, facía tempo que a violencia invadira en Galicia as relacións sociais) respectando, dunha banda, o dereito dos veciños á apelar á Corte e, pola outra, o dereito do arcebispo a que se tomaran en consideración as súas probanzas.

307 Véxase a nota 278.

catro cuestións relacionadas: nomeamento de alcaldes, rendas da mesa arcebispal, xurisdicción civil e criminal e o control dunha torre distinta do Tapal, que –dicía o concello– “era del Reverendo in Christo Obispo de Tuy... la edifico en su suelo e los que en ella estaba estan por el e que nombraban al dicho Obispo por señor de la dicha torre”³⁰⁸. Ó fronte da protesta están, como é natural, Vasco Guillelmes e Gonzalo Prego, que reivindicaban –xunto coa nova torre do seu xefe Diego de Muros– o vello sistema de cobrados que privilexiaba as familias fidalgas, prerrogativa que de acordo cos datos que temos non funcionou durante a revolta niveladora de 1467-69; unha das razóns polas que Fonseca ratificou, sen dúbida, desde o exilio, os derradeiros cobres irmandiños, que deixaban fóra do poder precisamente a Vasco Guillelmes³⁰⁹. Restauración do sistema pre-irmandiño de cobrados pro-oligárquico que debeu estar activo, de seguro, baixo a protección dos Moscoso, entre 1474 y 1476. En 1476, Fonseca seguía enfrontado doutra maneira cos aliados locais dos Moscoso, agora con certo sustento popular. A distinción con 1469 é que, ante outro relevo de señor, o común semella preferir ós familiares de Diego de Muros, fidalgos e rexedores do concello (ex aliados do Conde de Altamira), antes que un Fonseca que viña moi crecido en poder cos Reis Católicos³¹⁰. Oligarcas locais que non dubidan en poñerse á cabeza das tradicionais reivindicacións das vilas de Noia e Muros, máis ou menos agochadas en 1474-1476, sobre a base de aceptar cando menos pola boca grande

308 Coidamos que é a torre (véxase a nota 292) que Diego de Muros mandou construír, entre 1474 e 1476, como signo do novo poder en Noia e serviu para reforzar as defensas da vila, “sobre la puerta de la villa questa hazia la parte del rio que aun oi día se parece donde la hizo”, *Las fortalezas de la Mitra compostelana*, p. 381; nun coñecido plano da muralla de Noia (1597) aparece, cara ó río Traba, esta torre (feita desaparecer en 1627 polo seu estado ruinoso) facendo de esquina no muro, fronte ó Hospital do Espírito Santo ou Hospital de Afóra, *A Noia da Memoria*, pp. 46, 51, 70; véxase tamén Álvaro de las CASAS, *Cementerio de Noya*, Santiago, 1936, p. 21; con anterioridade, hai unha referencia de 1469 dunha terceira torre no barrio Ríbeiro Grande, fóra das murallas, noutro extremo da vila, “que dizen de Domingo Caçurro”, que debeu ser parte tamén das defensas urbanas, tampouco foi derribada pola revolta de 1467, Anselmo LÓPEZ CARREIRA, *A cidade medieval galega*, Vigo, 1999, p. 137.

309 Véxase a nota 294.

310 Isabel a Católica que amparaba a Fonseca para recobrar Muros e Noia (cosa que os cidadáns só aceptan en determinadas condicións) trata de axudar concedendo un seguro, o 21 de xuño de 1476, a “la dicha villa de Noya e a sus mugeres e fijos e criados e a sus bienes en mi garda e so mi seguro e anparo e defendimento real” contra “algunos cavalleros e otras personas” (*Os reis e Noia Documentos reais*, p. 18), que non podían ser outros que Moscoso e a súa xente, García e os Mariños de Lobeira, armados e emboscados no pico de Outes.

o señorío de Fonseca, coa subseguinte ruptura ou distanciamento do Conde de Altamira³¹¹. Emporiso, Muros e Noia, xunto con Padrón e outras vilas mariñeiras ata Finisterre, seguían, o 15 de decembro de 1476, fóra do control do prelado compostelán, segundo lamentan novas cartas reais³¹².

O problema foi xeral en todo o arcebispado. O sector máis conservador do concello de Noia soubo aproveitar a previsible confrontación xeral dos vasallos cun Alonso de Fonseca que, por unhas o por outras, seguía sen estrearse dun xeito completo en Compostela como señor feudal³¹³: a Igrexa de Santiago non puidera estabilizar o seu señorío en terras e cidades, dende que mataran a Rodrigo de Luna en 1460. A situación non era moi distinta no ámbito rural; en 1478, Noia seguiu outra volta a Santiago, sustentando ámbolos dous concellos urbanos a negativa dos campesiños a pagar ó arcebispo –e tampouco ó cabido– unha serie de dereitos señoriais en especie (pan, viño, galiñas, carneiros, becerros e carretas de leña), descualificados como “ymposiciones nuevas”³¹⁴. Unha sorte de continuación da alianza urbano-labrega que estivera na base do triunfo da revolución social de 1467, onde é lóxico atopar á sempre insurxente Compostela, pero tal vez menos a Noia (decote na compañía rebelde doutras vilas arcebispais), o que se explica tamén polo desprazamento, en 1476, das alianzas da fidalguía local de Noia cara ó pobo miúdo.

En resumo, a nove anos da fin do poder irmandiño, a restauración do réxime feudal estaba por se completar na Terra de Santiago, tanto no campo como na cidade, por mor dos novos tempos³¹⁵ e da precariedade xeral do poder señorial, nun contexto de dobre guerra internobiliaria: guerra feudal de todos contra todos polo control das xurisdiccións; guerra política como consecuencia do desprazamento do escenario da guerra civil á Galicia, o que sucedía cada vez que Portugal se implica na contenda pola Coroa de Castela.

311 Véxase a nota anterior.

312 Véxase a nota 301.

313 Fonseca non pode ser, no tempo dos Reis Católicos, un señor feudal á vella usanza porque, con aqueles, iniciábase, xustamente, a modernización dun sistema social que fora gravemente impugnado e derrotado no reino de Galicia en 1467-1469.

314 Simancas, RGS, VI-1478, fol. 111.

315 Cara 1476, queda claro que o xiro de Fonseca en 1469 accedendo á non reedificación das fortalezas, non abondaba para adaptarse ó tránsito a un réxime señorial do Antigo Réxime, cun Estado forte, de aí os seus problemas con Reis Católicos, aproveitados coma sempre polos vasallos.

A mobilización militar permanente de cabaleiros e prelados, na década dos anos 70³¹⁶, levou a que os señores se interesaran máis polo vasallo-soldado que polo vasallo-produtor e as súas familias, vítimas predilectas das violencias interseñoriais³¹⁷. Unha parte³¹⁸ dos vasallos de Fonseca participarán como peóns ou dacabalo nas súas guerras contra os cabaleiros (a partir dos acordos de 1469, seguindo o exemplo de Alonso de Lanzós³¹⁹), o que lles dará lexitimidade para se rebelar cando o arcebispo guerreiro pretende administrar a paz conquistada no seu favor restaurando, cando non incrementando, as rendas e dereitos feudais da Igrexa de Santiago de antes da Santa Irmandade. Poida que os veciños de Noia contribuíran ós esforzos militares de Fonseca contra Pedro Madruga en defensa da causa dos Reis Católicos³²⁰, pero é menos probable que participaran activamente nas guerras Fonseca-Moscoso, nin sequera cando estaban na órbita do primeiro Conde de Altamira, cuxo dominio nestas vilas foi máis político que militar, en contraposición coa a súa presenza en Outes por medio do seu capitán “infernál”.

316 Esta sen investigar na documentación de arquivo en que medida rebrotan coa anarquía nobiliaria, nos tempos pos-irmandiños, os agravios e danos, forzas e mortes de responsabilidade señorial, que fixeron estalar a insurrección xeral de 1467; seguramente non tanto como anteriormente, pola destrución sistemática e masiva que fixeron os irmandiños das fortalezas “niños de malfeitores”, a propia inestabilidade e división dos señores e o medo destes a provocar outro levantamento xeral dos vasallos, algo moi presente en tódalas confederacións nobiliarias desde 1471 (Carboeiro) ata 1520 (Melide).

317 O problema das vítimas civís non se deu, sen embargo, durante a guerra civil castelá 1465-1468, mercé ó poder irmandiño que eliminou –ou expulsou de Galicia– os exércitos señoriais e puxo o Reino do lado do rei lexítimo, algo que como ben sabemos Henrique IV agradeceu aprobando o feito consumado dos masivos derrocamientos, e que non esqueceu mentres viviu.

318 Hai que sinalar que a conflitividade entre vasallos e señores neutralizaba a miúdo o servizo militar como obriga feudal; o caso máis soado foi a negativa en 1458 dos cabaleiros feudatarios do arcebispo Rodrigo de Luna a ir a guerra de Granada, punto de partida dunha rebelión política e social que se estendeu ás cidades e terras de Santiago, *Rodrigo de Luna. Estudio histórico*, pp. 28 ss.

319 Logo de revolta, Alonso de Lanzós foi posiblemente o dirixente militar máis consecuente e respectado polos ex-irmandiños populares, se o comparamos co cambiante Diego de Lemos e mesmo con Pedro Osorio, sucesor nin máis nin menos que de Lope Sánchez de Moscoso no Condado de Altamira, polo seu matrimonio coa súa tía Urraca de Moscoso e Castro, viúva de Lope Pérez de Mendoza, outro simpatizante irmandiño (véxase a cita da nota 79).

320 Os Reis Católicos ofrecen seguridade ós veciños de Noia en 1476 (véxase a nota 310) pero tamén en 1487, respondendo o concello cunha axuda económica en 1489 para a guerra de Granada, *Os reis e Noia. Documentos reais sobre Noia*, pp. 18, 22, 26.



Arcebispo Fonseca.

Neste xogo de diverxencias e converxencias que seguiron á Santa Irmandade, que foi dos Mariños de Lobeira? Nos tempos anteriores á revolta irmandiña –e máis aínda nos posteriores³²¹– perderan, segundo vimos, a súa influencia urbana na ría de Noia e Muros, en favor dos Guillelmes e Prego, pola banda do sur, e de Diego de Muros, pola banda do norte. Os intereses señoriais da casa fundada, a principios do século XIV, por Roi Soga Mariño de Lobeira³²² están, a mediados do século XV, no extenso alfoz de Muros, incluído o couto de Xallas³²³, pero tamén en Lousame e noutros lugares do Mosteiro de Toxosoutos, preto de Noia. De aí que precisaran do castelo de Outes para refeudalizar tan grande espacio rural, sen respectar por descontado o señorío formal dos vasallos³²⁴, controlando o tránsito dun cabo ó outro da Ría e o camiño costeiro que ía cara Fisterra e as Rías Altas. O castelo de Outes é fundamental, por tanto, para someter a rexión costeira máis occidental da Igrexa de Santiago (o antigo señorío de Pedro Froilaz, Conde de Traba³²⁵) que tanto interesaba á estratexia global dos Moscoso, e máis aínda a Fonseca. É por iso que os Mariño de Lobeira tiñan unha implicación máis directa e militar co señor de Altamira. Por contra, a fidalguía urbana emparentada con Don Diego que substituíu ós Mariño en Noia e Muros, rota a súa propia alianza cos Moscoso³²⁶, propiciou, xunto cos veciños, o

